

# TEIMA

REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

**Galicia pasada  
polas urnas**

**EXCLUSIVA**

**galegos na cadea**

## Os grapos escriben a TEIMA



**«Galicia ten que se salvar  
nos suburbios»**

Méndez Ferrín:

# OS LIBROS-TEIMA

(Ou como conseguir de balde unha completa biblioteca galega)



Agora ten a posibilidade de facerse cunha completa biblioteca galega sen gastar un can. Todo o que debe facer é fiarse das instrucións:

1) Fágase suscriptor de TEIMA, por un período dun ano, e suscriba a dous amigos.

2) Remítano-las tres suscripcións.

E xa está. A volta de correo recibirá un lote de libros galegos sobre a temática que lle pete: ensaio, novela, historia, gastronomía, política, temas actuais...

Por suposto, pode repeti-la operación cantas veces queira e poida. En cada ocasión recibirá un distinto lote de libros.

Contribúa a que TEIMA medre... e faga medra-la súa biblioteca.

NOME _____	
DOMICILIO _____	
POBOACION _____	
PROVINCIA _____	PAIS _____
<b>TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA</b>	
(Semanal)	
	ANUAL SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA .....	1.872 Ptas. 936 Ptas.
EUROPA:	
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas. 1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	3.120 Ptas. 1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO	
CORREO ORDINARIO .....	2.080 Ptas. 1.040 Ptas.
CORREO AEREO .....	4.500 Ptas. 2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º _____	
XEITO DE PAGO: <input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º _____	
<input type="checkbox"/> IMPOSTO EN _____ DATA _____	
<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO	

**teima**  
REVISTA GALEGA DE INFORMACION XERAL

Escriba á rúa do Hórreo, 94-Entrechán—D  
Departamento de Suscripcións.



Portada de VILASO

- 4** 15 de xuño: Galicia, pasada polas urnas.
- 8** Os Eidos. O nacional-catolicismo. Os traballadores do mar.
- 10** Informe. Os grupos chegaron de Galicia.
- 16** Sucede no país. Calo: A autopista, aínda.
- 19** Conversa  
Méndez Ferrín: «Galicia ten que se salvar nos suburbios»
- 24** Pobos Ibéricos
- 28** Fiadeiro
- 30** Cultura
- 34** Cartas á Dirección

# pola nosa banda

## Quedan as municipais

Isto foi unha derrota. Perdéu o pobo galego. A voz de Galicia será unha vez máis o «falsete» que entonaban nas Cortes da República aqueles homes —e sen embargo galeguistas por convición— acomplexados polas diálecticas dos primeiros de serie. Daquela os representantes tiñan unha clara conciencia do pobo ó que pertencían. Daquela non eran os simples mandados desde os conciliábulos de Madrid, chámense Moncloa ou García Morato, Mindanao ou o que sexa. Mentres Euskadi e Catalunya esixan, Galicia e a súa autodeterminación á que ten dereito permanecerán nas carpetas do silencio. Seremos esa comparsa que tanto gusta de mostrar Fellini nas súas películas da decadencia. O nacionalismo galego, os partidos nacionalistas, a esquerda auténticamente galega estarán hipotecados. Isto, señores, produce arrepiños.

Pro tamén pode ser un pau pra un examen de conciencia. Agora hai que rexeita-lo capillismo, os sectarismo, os personalismos, papanatismos e todo o que con «ismos» soe a face-la guerra pola súa conta. O espectro político galego terá que xogar coas verdades, cos resultados. A liortas de partidos non poderán pasar do límite que impoñen os principios nos que difiren uns dos outros. O fundamental, Galicia. O protagonista, o pobo galego. Ese pobo que non soubo distinguir entre os seus propios intereses e os daqueles que souberon esconderse baixo a coraza das palabras bonitas, das ofertas que antes nunca fixeron, das promesas que nunca poderán cumprir porque o lobo ende-xamáis se morde o seu propio rabo.

O País Galego, como nación, necesita urxentemente unha confluencia das forzas que, desde unha clara militancia nacionalista, aspiran a representar a ese pobo ó que aínda non souberon chegar. Somentes así se pode conseguir ese desafío que Galicia ten que presentar nesas Cortes —¿constituíntes?— pra que non a sigan sangrando e matando coma deica agora. Hai que acepta-lo resultado porque estas son as regras do xogo, pro como unha chamada de atención ó realismo. Porque o pobo aínda non falou. As eleccións municipais terán que se-las que refrenden ese poder popular, ese desafío, entre os «organizadores» do Estado. Claro que os partidos, líderes, contralíderes e persoeiros nas municipais non poderán xogar á brisca como fixeron nas xerais. Sería súa a responsabilidade de que se perda este «cartucho» que aínda nos fai conserva-la esperanza.



**Edita a Sociedade Galega de Publicación.**

**Director:** Anxel Vence Lois

**Xefe de Redacción:** Antón López Mariño.

**Reportaxes:** Perfecto Conde Muruais.

**Entrevistas:** Xavier Navaza Blanco.

**Cultura:** Luis Alvarez Pousa.

**Información do estado e do mundo:** Xosé M. García Palmeiro.

**Redacción na Coruña:** Manuel Rivas.

**Redacción en Vigo:** Víctor Fernández Freixanes.

**Corresponsais:** Guillermo Campos (Pontevedra) Xosé Platero Alfonso Sánchez Izquierdo (Ourense), Xosé R. Vilamor (Ferrol) e Xulio Xiz (Lugo) e Xosel Vilela (A Coruña).

**Prestan a súa asesoría:** Carlos Casares, Salvador García Bodaño, Xosé Manteiga (Cultura), Enrique Aller, Fernando M. Randulfe (Dereito Laboral), Ramón Barral, Xan L. Facal, X. M. Beiras, Xoan Rous, Xesús Vega (Economía), Valentín Arias, Xurxo Torres, X. M. Espino (Ensino), Aldexandre P. Camacho, Xoan X. González, Xosé M. Cabanas (Ecoloxía), Francisco Carballo, Xosé M. Santalla, Alfonso Magariños, X. Chao Rego (Igrexa), Xosé Marpía, X. M. López Nogueira, Santiago Lamas, F. X. Yuste

(Medicina). Equipo Trasmallo, Domingo Quiroga (Pesca). Mario Orxales, Xan Bouzada, Xosé P. Vilaríño, Daniel Pino, Ricardo Palmás (Socioloxía). César Portela, X. L. Martínez, X. Bar Boo (Arquitectura-Urbanismo). Ceferino Díaz, Claudio L. Garrido, A. Pousa Antelo (Campo)

**Traballan connosco as axencias:** Europa Press (Madrid), Zardoya. (Barcelona), Keystone-Nemes (París) e Prensa Latina (Habana)

**Enviannos información do Estado e do mundo:** Roxellio Martínez, (Madrid). Carlos Porto (Lisboa). Xavier Costa Clavell, Ramón Clemente (Catalunya). Gregorio Gálvez (Euzkadi). A. Ramos Espejo (Andalucía). Equipo Andalan (Aragón). Vicent Ventura (País Valenciá). Equipo Cort (Balears). Ramón Luis Chao (París). F. Pérez-Barreiro (Londres). Domingo Fernández (Buenos Aires). Emilia Vázquez (Santiago de Chile). Baldomero Cores (Puerto Rico). Fernando Pereira (Montevideo).

**Fotografía:** Manuel Yáñez, Xurxo S. Lobato, Luis Gaiol.

**Dibuxan:** Siro, López, Xaquín Marín, Xosé Loquís.

**Cartografía:** Mario L. Rico

**Confecciona e fai as portadas:** Xosé M<sup>a</sup> G. Vilasó

**Supervisan o idioma con normas provisórias:** Rosario Alvarez Blanco e Francisco Fernández Rei

**Xerente:** Carlos Vázquez

**Xefe de Publicidade:** Xosé M. Rodríguez Iglesias

**TEIMA imprímese no prelo comercial de «La Voz de Galicia, S.A.»**  
Rúa de Concepción Arenal, 9 e 13, na Coruña

**Os nosos distribuidores:**

**A Coruña:** Distribuidora «Henche» (207020)

**Lugo:** «Carvel» (215069)

**Ourense:** «Eudosa Castro» (224349)

**Pontevedra:** «Cao» (855374)

**Vigo:** «Distribuidora Viguesa de Publicacións» (414570/)

**Ferrol:** «Velo» (357707)

**Santiago:** «Prensa Nacional» (583456)

(Cada unha das distribuidoras cubre a súa respectiva bisbarra ou área metropolitana de influencia)

**Redacción Central:** Rúa do Hórreo, 94, Entrechán-D. Santiago de Compostela

**Teléfonos:** 596741-593879 (Prefixo 981)

**Apartado de Correos n<sup>o</sup> 448**

**Depósito legal:** C-649-1976. Solicítase o control de O.J.D.

15 de  
xuño

# Urnas pra Madrid

Poucos incidentes, elevado índice de abstención e un sol que endomingóu rúas e corredoiras foron as características máis notabeis da primeira xornada disque democrática en corenta anos, catro meses e un día. O día seguinte, como pra acompañar no sentimento á oposición democrática galega, o ceo amencéu chumbizo, gris e tristeiro. O clima político ía parello ó físico. Xosé M.<sup>a</sup> G. Palmeiro transcribiu as impresións da redacción.



OS DOUS DA ESQUERDA,  
ERAN DA DEREITA (A.P.)

Había esperanzas. Pensábase que a esquerda e os partidos sinxelamente nacionalistas podían apañar algo, lograr algún deputado. Confiábase nas posibilidades dalgúns homes da Candidatura Democrática Galega e mesmo do Bloque Nacional-Popular Galego, pró Senado. Sabíase dos manexos e presións, das papeletas enviadas a domicilio por correo, dos consellos gratuítos dados por conselleiros de dudosa fiabilidade e doutros feitos preocupantes. Pro, a pesares de todo isto, algunha esperanza había. E boa proba disto éa decepción xeral que se extendeu por Galicia unha vez coñecidos os resultados electorais. Hai que deixar constancia de todo isto pra falar de algo do que deu de si a xornada urneira do 15 de xuño.

## CALMA E RETRASOS

A xente tomou con certa calma, e non pouco distanciamento, o asunto da votación —a alta porcentaxe de abstención rexistrada é un dato dabondo significativo— o que non impediu que se formaran colas á porta dos colexios especialmente pola mañá. A xornada da tarde, sobor de todo no medio rural foi máis tranquila e os integrantes de non poucas mesas estiveron de brazos cruzados esperando a hora do peche e do recuento dos sufraxios.

Con todo, a xente tivo tamén motivos pra protestar polo que era necesario agardar pra deposita-lo voto. «Cando foi do referéndum —decía un vello en Pontevedra— puxeron neste colexio dúas mesas e así raramente se formaba cola. Non entende por qué poñen agora só unha. A fin e ó cabo a min non me fan ningún favor, véñollos facer eu a eles».

## ALGUNS FOLLONS

A vixilancia por parte das forzas do orde pú-

blico foi discreta. E tampouco había motivos pra que fora doutro xeito, xa que a xornada transcurriu tranquila. A detención de catro persoas por faceren propaganda aproveitando a concentración dos electores —dous rapaces en Vigo e dous curas militantes de Alianza Popular, na Coruña— revelaba os temores e as maneiras da dereita-dereita.

Tamén en Vigo a policía levaría a once rapaces da Mocidade Galega Revolucionaria por andaren a facer eleccións paralelas, protestando así pola exclusión dos menores de 21 anos. Nesta cidade, pola noite houbo intentos por parte dos grupos abstencionistas de entraren nos colexios electorais coa intención de apoderárense das urnas e aforraren traballo ás xuntas provinciais. Todo quedou no intento e tampouco tiña fundamento a chamada que anunciaba a colocación dun petardo na Residencia de Estudiantes, onde había unha mesa electoral.

Era en Vigo tamén onde as 8, un piquete do PCE (r) cortaba o tráfico á altura do camposanto de Teis, colocando uns troncos ós que prenderon lume. Outro tanto ocurría na estrada de Baiona pola zona de Coruxo. Pro a cousa non pasou a maiores.

## AS PAPELETAS DA DISCORDIA

Os líos das papeletas madrugaron. Houbo colexios que non puideron abrí-las portas por non te-la colección completa. Era un misterio o que pasaba cos papéis porque o día anterior foran repartidos con coidado. Chamou a atención o feito de que no concello de Padrón non houbera papeletas do BN-PG ás nove da mañá. A mesma hora, en Aguiño faltaban os recibos do PCG e máis de UCD e o colexio tiña que abrirese con retraso. Habería máis problema coas pape-

letas ó longo do día. Desaparecían, aparecían misturadas ou tapadas polas doutro montón. E non se trata de pensar mal, pro o certo —segundo puideron comprobar os homes de TEIMA que recorreron todo o país galego— foi que as «desaparicións» beneficiaban sempre á dereita. Houbo que repoñer e vixia-los montóns constantemente. Os das mesas e os das cabinas, aínda que estas non foron cáseque utilizadas polos votantes, moitos dos cais chegaban cos sobres preparados pra gañar tempo.

Houbo outros problemas coas papeletas, derivados da mesma maneira da votación. O grado de desinformación saía a flote cando se comprobaba o asombro dalgúns persoas, que viñan convencidas de que tiñan que votar o que lles mandaran á súa casa. Algúns, poucos, arrepentíronse e romperon o que traían na man pra elixir pola súa conta derriba da mesa. Un redactor desta revista foi testigo dalgúns reaccións deste tipo en Aguiño, onde se romperon algúns sobres con papeletas de A.P.

## TODO PRA SUAREZ

En Castiñeiras (A Coruña) unha señora probou a paciencia do presidente da mesa ó insistir unha e outra vez en que ela quería darlle o voto a Suares (sic), pró Congreso e pró Senado. E foi o Presidente mesmo quen lle cubriu a papeleta do Senado «porque eu sei cómo vóttou o seu marido e voulle poñe-lo mesmo». «Faga como queira —diría a señora— pro que a cousa sexa pra Suares». E pra Suárez foi.

Os vellos foron votar —en Torre terían que levar a unha vella en brazos— fundamentalmente preocupados polo subsidio. Moitos pediron

## O VOTO DA DESINFORMACION



XURXO LOBATO



METENDO O CENTRO NUN SOBRE

certificados pra demostrar se facía falta, que cumpriran e que «non me poden saca-lo que outros me deron, porque nunca un sabe».

## OLLO COAS ARMAS

Non se aclaró a aparición do paquete de sobres e papeletas do Partido Demócrata Galego, nun colexio de Santiago, nin tampouco os chanchullos nas urnas en Lousame e A Barqueira (A Coruña). Nestes dous sitios, presentarían impugnacións, PSPG e PSOE e PCG. Houbo tamén protestas por escrito pola presenza dalgún garda civil ou policía con armas no recinto do colexio. Unhas destas advertencias provocaría un feito desagradábel. Foi en Ferrol, onde un interventor do PCG fixo a oportuna indicación ó presidente da mesa que tomou nota... pra dar conta pouco despois ás forzas do orde que levan



XURXO LOBATO

XURXO LOBATO



A MAIORIA XA TRAI A O VOTO DA CASA

ron preso ó bo do interventor. Non se sabe de que tiveran problemas os de A.P. e Alianza Nacional del 18 de Julio, que actuaban en completa armonía.

Outro home do PCG tería tamén dificultades en Corpiño ó atoparse con que se lle enfrentaban Euloxio Foubes, membro de A.P. e adxunto da presidencia da mesa —que repartiu non poucos sobres aliñados— e varios veciños.

Moscú tamén ó persoal o feito de que no intre do escrutinio público, pola noite, en Silleda non se lle permitira entrar á xente que quería seguir de cerca a operación.

Houbo máis tea mariñeira sen dúbida. A TEIMA chegarían poucas horas despois do «día D» noticias de manexos en Ponte Caldelas e mesmo en Arzúa, que quedarían perdidas na maraña do reconto dos votos, operación que colléu ben desprevenido ó persoal encargado de face-lo reconto, prepara-las actas, etc. Claro que tamén se deixou notar nesta operación a ventaxa de certos grupos. En Ourense, por exemplo, o centro de proceso de datos da UCD, instalado na sede de UTECO, feudo de Eulogio Gómez Franqueira, dispoñía das informacións moito antes que o Goberno Civil.

## UNHA NOITE EN BLANCO

Foi moita a xente que non pegóu ollo aquela noite. Teméuse nun primeiro intre que houbera unha ventaxa considerábel de A.P. Pouco a pouco entre chorrada e chorrada servida con largueza por RTVE, as cousas ían poñéndose no seu sitio. Comprobábase tamén que o PSOE subía, contra o que daban a entender algunhas das primeiras porcentaxes e que ía ser moi difícil que a esquerda e os nacionalistas galegos se situasen mínimamente ben. Coas primeiras luces da mañá do día 16 chegaban tamén os primeiros desencantos prá maioría das forzas políticas e as euforias das celebracións pra uns poucos que en

LLANOS



HOUBO 11 DETIDOS POLAS ELECCIONS PARALELAS

Galicia se contan cos dedos dunha man e sobran dedos.

Xa se sabía entón que a Democracia Cristiá e o PCG eran dous dos grandes derrotados, e que este último sufrira un sonado fracaso na zona ourensá de Valdeorras, terra natal do secretario xeral, Santiago Alvarez.

## SORPRESAS E DESENGAÑOS

Sabíase tamén que o BN-PG recollera votos nas bisbarras de Allariz e Xinzo, en cantidade importante, tal como ocorrira co PSG nalgúns pobos da costa da provincia coruñesa.

Pro o feito xa non tiña volta. Abríase unha etapa de replantexamentos. Os homes da democracia cristiá decían que se lles foran votos seguros e os do PCG plantexaban a posibilidade de impugna-las eleccións e en todo caso revisar detidamente as actas. «Hai sitios, dixeron, onde contabamos con douscentos carnets e case non nos votou ninguén». Todo quedaría nun disgusto, difícilmente disimulado.

Despois virían as primeiras declaracións con máis calma, mentres nas cidades se procedía a retirar a propaganda colocada por tódalas paredes durante as tres semáns de campaña.

A UCD comérou case todo. A.P. e PSOE repartíanse o que quedaba xunto cunha incrustación de tres representantes da Candidatura Democrática Galega pró Senado. O pobo galego, o que votou e o que non quixo ou non puido saber nada, seguía a traballar, alleo en boa parte ó significado da votación. Sen embargo, unha vez máis, a dereita levaba en Galicia a auga ó seu muiño. Un muiño con sede en Madrid.

## Marín, e non Vilasó

O erro que non cesa xogóunos outra mala pasada no anterior número deste semanario. Unha portada claramente recoñecíbel —era un dibuxo, somentes— como da autoría de Xaquín Marín, pasou a ser firmada polo noso habitual confeccionador e portadista, Vilasó.

Pesia que o bó senso dos nosos lectores terá subsanado xa o despiste, quede a aclaración como constancia do noso erro. Nosa culpa.

**Análise política**

# A derrota da esquerda

VICTOR F. FREIXANES

**A POLITICA DA ESQUERDA**

A xornada electoral do pasado día 15, a vitoria esmagadora das candidaturas de Unión de Centro Democrático, a composición dos representantes galegos nas próximas Cortes españolas (que van ser Cortes constituintes) era algo previsíbel e eíquí dixémolo máis dunha vez. Unha esquerda e un galeguismo divididos, a presa con que se fixeron as cousas, a desinformación da meirande parte do electorado, vellos medos, mañas políticas que se viñeron tecendo dende o centralismo ó longo dos últimos tempos, explicaban (e explican) dabondo estes resultados. Mesmo a ampla derrota de Alianza Popular era previsíbel.

Con todo, xa cos resultados enriba da mesa, hai cuestións sobor das que paga a pena pararse unha miga máis dende o noso observatorio político. Primeira: os índices altos de abstencionismo. Segunda: o papel da esquerda e o galeguismo. Terceira: o futuro.

**O ABSTENCIONISMO**

Galicia, como xa pasara cando o referéndum, pro aínda máis, deu os índices máis altos de abstencionismo electoral, principalmente nas áreas ruráis. Axuntamentos houbo onde non votaron máis do 33 por cento dos censados. Uns andaban na emigración (e o voto do emigrante tivo tamén moitas dificultades), outros non sabían realmente a quen votar e decidiron non facelo (UCD beneficiouse de feito de moito voto da desinformación) e outros moitos, sinxelamente, non cren na política, non cren nos políticos, son vítimas dun longo proceso de marxinação, de decepción histórica que criou fondas escoaduras e grandes escepticismos. Misión dos novos políticos, partindo da realidade e os intereses destes homes (da realidade do país), vai ser arrincar esta xenreira histórica, que non é doado de facer.

«Estamos fartos de palabras, de grandes promesas, que todos din o mesmo e logo, xa no mandíño, ninguén vai cumprir». Este razonamento é absolutamente común entre a nosa xente. «Gañe quen gañe nós imos seguir debaixo», decían os paisanos de Meder, por exemplo, na provincia pontevedresa, nas terras do Condado, cando por alí andívemo-los homes de TEIMA. A esquerda, o galeguismo nin tivo tempo nin podía cambea en vinte días a idea dunha colectividade. No rural esta actitude é practicamente xeralizada e só nas áreas urbanas de carácter proletario, nos cinturóns periféricos de Vigo, Ferrol, A Coruña a esquerda tivo unha porcentaxe importante, anque de ningún xeito suficiente.

A vitoria do Centro gubernamental foi esmagadora, ampla, absoluta. Pro aínda máis. Dentro dos grupos da esquerda houbo sorpresas grandes como por exemplo as cativas porcentaxes do Partido Comunista de Galicia mesmo en provincias coma Pontevedra e A Coruña, onde están as poucas zonas ruráis. Xa máis achegados ó centro: a ampla derrota do Equipo da Democracia Cristiá e Social-Democracia Galega... Dende algúns sectores podense interpreta-las porcentaxes dos partidos nacionalistas (Bloque Nacional Popular Galego e Partido Socialista Galego) coma pequenas vitorias moráis, vitorias relativas, sempre en función das poucas posibilidades de acción que estas organizacións tiveron. Pro non abonda. Ve-las cousas deste xeito é telo catalexo moi estreito. Velahí as porcentaxes de UCD, os catro deputados de Alianza Popular (sobor de 15 en todo o Estado Español), os resultados do Senado (a pesares do acordo da Candidatura Democrática Galega)... Velahí os exemplos, pola contra (anque tódalas comparacións sexan inxustas e noxentas) de Cataluña e máis Euzkadí.

¿Tiña a esquerda realmente alternativas competitivas e realistas? ¿Estáse facendo realismo político amáis de grandes conceptos? ¿Non hai, dende algúns sectores, un gran triunfalismo de plantexamentos? ¿Pódese mante-la guerra do comunicado fronte á política de masas? Son preguntas. De feito non poucas organizacións políticas de centro e esquerda están a se plantexar estes días non só a súa política senón o futuro de cuestións que hai un mes cáseque ninguén poñía en dúbida. Son as cousas da peneira electoral. As urnas como termómetro colectivo

van demostrar moitas cousas, mesmo haberá algunhas desmitificacións. Non abonda con ocupa-la rúa e berrar pra facer política. Non abonda cos comunicados ós xornáis (que logo publican ou non) nin con enche-las paredes de pegadizos, cartéis ou espráis pra chegar á xente (e do que se trata en política é de chegar e convencer á xente). A esquerda sae dunha política de tobos e tertulias e ató ase, en inferioridade de condicións, cunha política de masas e urnas. Compre ter en conta isto pra ter unha real análise da situación: absoluta inferioridade de condicións que máis dunha vez temos denunciado. Pro quizaves xa non é o tempo dos grandes plantexamentos teóricos, das grandes verdades e análises amplias diante duns centos de persoas, pro sen entrar nas cuestións concretas, pragmáticas, aparentemente cativas, cotiás...

**O FUTURO**

Son unha chea de interrogantes que estes días andan entre a clase política e que un, sinxelamente, recolle coma un estado de opinión e autocrítica, endexamáis porque teña a verdade no peto. Pro hai unha conciencia, unha necesidade de tirar conclusións, de adeprender leccións dos feitos. Polo de agora, o futuro constitucional vai ser discutido e plantexado sen o galeguismo e cunha esquerda simbólica.

Alguén fala xa de algunhas crises internas en certas organizacións políticas, froito de decepcións ou fracasos non agardados. O que si é certo é que unha peneira coma a do día 15 (unha resposta popular coma esta) obrigará de seguro a replantexar radicalmente xeitos de entende-lo traballo político, a praxe de cada partido, cuestións que hai un mes nin se pensaban. Trátase dun problema de praxe, de eficacia, de realismo político.

Tamén haberá, naturalmente, quen teime en mante-la situación coma hastra agora. Veleiquí os resultados. E alá cada un coa súa responsabilidade. O home da rúa, que se achegou co seu voto cheo de boafé (de absoluta boafé) á urna, non entende nada, absolutamente nada de todo isto.

OS EXCLUIDOS FIXERONAS POLA SUA CONTA



XURXO LOBATO

# Os elexidos

## CONGRESO

## SENADO

### CORUÑA

José Luis Meilán Gil (UCD)  
Perfecto Yebra Ortega (UCD)  
Antonio Vázquez Guillén (UCD)  
Nora Inés Vilariño (UCD)  
José Manuel Couceiro Taboada (UCD)  
José Manuel Piñeiro Amigo (UCD)  
Francisco Vázquez Vázquez (PSOE)  
Andrés Eguibar Ríos (PSOE)  
María Victoria Fernández-España (AP)

Baldomero Fernández Calviño (UCD)  
José María Suárez Núñez (UCD)  
Juan Antonio Graiño Amarelle (UCD)  
Manuel Iglesias Corral (CDG)

### LUGO

Antonio Rosón Pérez (UCD)  
José María Pardo Montero (UCD)  
Antonio Díaz Fuertes (UCD)  
Luis González Vázquez (UCD)  
Antonio Carro Martínez (AP)

Gerardo Harguindey-Banet (UCD)  
Cándido Sánchez Castiñeiras (UCD)  
Julio Ullúa Vence (UCD)  
Francisco Cacharro Pardo (AP)

### OURENSE

Pío Cabanillas Gallas (UCD)  
Eulogio Gómez Franqueira (UCD)  
José Antonio Trillo (UCD)  
Estanislao Reverter Siqueiros (UCD)  
Miguel Riestra París (AP)

Luis González Seara (UCD)  
José Rodríguez Rosa (UCD)  
José Quiroga Surea (UCD)  
Celso Montero CDG (PSOE)

### PONTEVEDRA

Victor Moro CD)  
Jesús Sancho Rof (UCD)  
José Rivas Fontán (UCD)  
José Antonio Gago Lorenzo (UCD)  
Carlos Sueiro Pico (UCD)  
Elena María Moreno González (UCD)  
Francisco Bustelo (PSOE)  
Gonzalo Fernández de la Mora (AP)

David Pérez Puga (UCD) Manuel  
Manuel Fontoira Surís (UCD)  
José García García (UCD)  
Valentín Paz Andrade (CDG)

A Xestora provisional pra Galicia da futura Confederación dos medios de Comunicación Audiovisuais pra nenos e mozos, CONVOCA a profesionais da educación e medios de Comunicación audiovisuais e representantes de Agrupacións interesadas no tema A SEGUNDA XUNTANZA pra tratar sobor dunha próxima Federación Galega.

Esta Confederación ten como punto de partida as declaracións do XIV certame internacional pra nenos de Xixón e na última Convención de Cine infantil de Barcelona.



Están a se formar federacións nas diferentes zonas coa fin de constituir despóis unha Confederación a nivel estatal como organismo autónomo, independente e de funcionamento democrático.

A CONFEDERACION terá como obxectivo coordinar e promove-los traballos relacionados con MEDIOS DE COMUNICACION AUDIO-VISUAIS no eido dos nenos e mozos, formalos no terreo audiovisual espertando o seu espírito crítico e a súa capacidade creadora e reclama-la inclusión dos Medios de Comunicación Audio-visuais ensino nos plans oficiáis do sistema educativo. Manterá ademáis relacións con entidades oficiáis e privadas que respeten a súa autonomía de funcionamento democrático e servirá como elemento de relación internacional.

A XUNTANZA TERA LUGAR NA CAIXA RURAL DE PONTEVEDRA O PROXIMO 25 DE XUÑO AS 11 DA MAÑA.

## A XESTORA PROVISIONAL

TITULAR: Estáse a forma-la Federación Galega de medios audiovisuais pra nenos e mozos.  
Convocatoria



YANEZ

## IGREXA

# Encol do nacional-catolicismo

ANDRES TORRES QUEIRUGA

(A. ALVAREZ BOLADO, *El experimento del nacional-catolicismo: 1939-1975*, Edicusa, Madrid 1977).

Deste libro dixó González Ruiz ó recensionalo en «El País»: «Atopámonos diante dun libro-clave para entender algo que tanto nos interesa a *tódolos* españois (cristiáns ou non): a postura actual e inmediatamente futura da Igrexa católica nesta decisiva encrucillada da nosa

historia». Se isto é así —e penso que o é—, quérese decir que resulta tamén indispensábel pra entendérmo-lo presente e o futuro de Galicia. A nosa estreita implicación na historia e na realidade da comunidade hispánica esixe ter en conta os avatares da súa evolución, pra comprendermos cun mínimo de obxetividade o destino da nosa comunidade específica.

Por enriba, o lector interesado

na análise socio-política ou no novo talante da teoloxía actual ou, millor, na relación entre ambas actividades, atopará aquí un exemplo paradigmático. 1.º Exemplo do que *debe ser*, en canto esforzo tenso e nada doado por respecta-la lóxica e máila autonomía de cada unha das disciplinas. 2.º Exemplo das impresionantes *posibilidades* que se abren neste campo, tan perto, simultáneamente, do destino máis

íntimo do individuo e dos resortes definitorios das relacións, do poder e do destino da comunidade.

Poucas persoas tan preparadas hoxe pra iso —e non somente a nivel peninsular— como Alvarez Bolado. De longa preparación e fondo entusiasmo polo aspecto transcendental da filosofía moderna —foi durante 8 anos profesor encargado de historia da filosofía moderna e contemporánea na Universidade de Barcelona—, e activamente implicado na problemática real e candente onde fe e sociedade, teoloxía e política buscan xuntas a construción dun millor futuro pró home. Participóu activamente nos diálogos cristiano-marxistas organizados pola Paulusgesellschaft, en Kohn, Salzburg, Herrenschiesee e Marienbad, e fundóu o Instituto Fe y Secularidad, do que foi director na súa primeira etapa.

Os ensaios que compoñen este libro —algún pasa aquí por primeira vez íntegro a barreira da censura— reponden á súa preocupación por clarificar teóricamente as relacións entre igrexa e comunidade política en España, a partir do 1939 deica o 1975. As datas son tan significativas e fundamentais, que o título *experimento do nacional-catolicismo* non ten nada de casual. Abrangue un tramo tan intenso e sintomático do noso tempo, que constitúe unha desas ocasións excepciónais, onde a historia pode, e debe, ser estudiada nos seus mecanismos decisivos.

Alvarez Bolado faino en cinco intentos parciais, pro unidos por idéntica intención e parello rigor. Sen ningunha concepción ó tópico, nunha linguaxe sorprendentemente exacta e suxerente.

Uns revisten un carácter máis *fundamental*, anque en inmediato contacto coas súas raíces no histórico-política. Tais o tema do *nacional-catolicismo e o neogalicismo*, ou o do *compromiso terrestre e crise de fe*.

E compre advertirmos que o concepto de «neogalicismo», introducido por el, quedará xa como unha categoría clave de interpretación: consiste no intento, por parte do poder político, de conseguir que «a igrexa se escolla desde dentro coma os de fóra queren que sexa» (enténdese que coa inconfesada connivencia de certos estratos da igrexa, e pra mante-lo *estatus quo*).



Pola súa banda, a análise da crise dos cristiáns comprometidos, nos anos 60, servirá durante moito tempo como modelo de análise rigurosamente teolóxica ó par que concretísimamente socio-política: os cristiáns comprometidos, condenados polo estado á clandestinidade política, criticados ideolóxicamente polos seus mesmos compañeiros de loita e desamparados pola igrexa oficial —que ó millor «retóricamente» os animaba ó «martirio»—, son fundamente comprendidos, ó mesmo tempo que chamados á consciencia rexa e lúcida da súa fe, acudindo ó «caso límite» de Bohoffer, mártir do nazismo.

Outros ensaios son mais *ocasionais*, pro tratados cunha viva atención ó seu significado global e permanente. Tal o *caso Añoveros* —cunha aberta comprensión polo feito nacional vasco, que, noustan- te, puidera aínda profundizarse e xeneralizarse mais—; ou *entre o desconcerto e a restauración* —que diagnóstica a ambigua situación da igrexa durante o liderazgo de Carro Blanco—; ou, finalmente, *entre a retórica e o martirio* —a propósito do documento episcopal, 1972, sobre o apostolado Seglar.

O mesmo autor encárgase na introdución de situar cada texto no seu contexto. O lector está, pois, orientado desde o primeiro momento. Non lle prometo unha lectura fácil. Pro, sí, atévome a lle asegurar que o esforzo non será nunca en balde. Anque poida soar a tópico, pódese afirmar que o diagnóstico lostregante e a profunda clarificación de complexos procesos socio-político-relixiosos choutan a cada paso da lectura.

E non fai falla dicir que o pasado aquí analizado forma aínda o cerne mesmo do noso presente: a claridade alí producida alumea o aquí conflictivo no que nos movemos e desde onde tencionamos avanzar cada ó futuro. Un futuro que samente será viábel, se chegamos a esconxurar ese pasado cáseque de pesadelo. A iso pode axudar moito este libro. E quizáis sexa esa a súa principal intención, segundo insinúan as derradeiras palabras da presentación: «Se o peor materialismo é a repetición do pasado, nen a calumnia nen a nostalgia nos liberan dela. O pasado samente pode ser sobrepujado e integrado, se se chega a comprender desde as súas complexas raíces».

## Traballadores do mar

# ¿Quén paga os pratos rotos?

GUILLERMO ALONSO

Desde hai unha temporada, tódolos medios de comunicación social están a se facer eco de noticias relacionadas co mundo do mar, no que á pesca se refire.

Mozambique, Angola, Mauritania, Marrocos, Comunidade Económica Europea, EE.UU son as zonas principáis dos conflitos.

No porto de Beira (Mozambique) estivo o RIO DAS PEDRAS, de Pescanova, S.A., detido dende Santos do 1975 deica Maio do 1976. Cáseque sete meses nos que os mariñeiros foron tratados coma vulgares delincuentes, pasando fame e necesidade, e permanentemente escoltados con metralletas.

Hai poucos días chegaron a Vigo o TEUCRO e máis outros barcos que estaban a pescar en augas á altura de Boston (EE.UU.) e que despóis de estaren detidos varias semanas, á fin obrigáronos a abandonaren aquelas augas e regresaren a España.

Finalmente (por non citarmos outros moitos casos) dous arrastreiros, ún da Coruña, o ARGOTE, e outro de Vigo, o DO CAMPO, foron castigados con cadansúa multa de 1.170.000 pts. ademáis de confiscárille-las 100 toneladas de pesca que capturaron e máilos aparellos de faenar.

¿Cáis son as causas principáis destas detencións de barcos? Alberto Ullastres, durante varios anos embaixador de España perante a Comunidade Europea, fixo recentemente unhas declaracións nas que, entre outras cousas, de-

cía: «Anque eu xa estou fóra de todo isto, francamente creo que nós debemos de ser máis serios. Durante moito tempo tiven de me enfrentar cunha chea de problemas que orixinaban os nosos pescadores... a miúdo non respetan excesivamente os acordos establecidos sobre tipos de redes, cupos de pesca, dinamita, etc.» (No etc. podemos incluir, pola nosa conta, a pesca en augas xurisdiccionáis).

Unha pequena obxección hai que facer ó Sr. Ullastres, esta relacionada co fondo do tema. Di que «tiven de me enfrentar cunha chea de problemas que orixinaban os nosos pescadores». ¿A quen se refire o Sr. Ullastres ó dicir «os nosos pescadores»? Pois que os tipos de redes, cupos de pesca, dinamita, etc. non son competencia dos mariñeiros, senón dos Armadores en colaboración co Patrón ou Capitán do barco, que son os homes de confianza do armador.

Durante unha chea de anos foi a época das vacas gordas prós armadores. Dos cartos de Xan Pobo (Facenda Nacional) concedéronlles préstamos a longo prazo e con intereses moi baixos, pra que puideran renova-la flota facendo barcos novos. E deste xeito medraron tantas Empresas Navieras e multiplicáronse os capitáis.

Como eran quen «tallaba o bacalláu», preocupáronse moi pouco de evitar que se lles tocara ás regramentacións que puideran defender un pouco ós mariñeiros. E

nesa Lei do Destallo que é o sistema á parte estableceron unhas diferencias astronómicas entre o que cobra un mariñeiro e o que cobra un Capitán, logrando deste xeito que o Capitán se arrisque a pescar nas augas xurisdiccionáis, a usar mallas non regramentarias, etc.

¿Que agora estas empresas deixan de ser rentabeis? Declárase expediente de crise, déixase á xente en terra e todo arreglado. O cabo, ás empresas máis fortes quedalle-lo recurso de que sexa o I.N.I. quen se faga cargo da ruina, co que volve Xan Pobo (Facenda Nacional) a paga-los pratos rotos.

E ó ser isto así, hai que se plantexar algunhas preguntas:

¿Os mariñeiros do ARGOTE e máis DO CAMPO non teñen dereito a cobrar esas 100 toneladas de peixe que lles foron confiscadas?

¿Non teñen dereito a unha indemnización POR DANOS E PERXUICIOS, amáis de pagárenlles coma se estiveren a pescar, os tripulantes dos barcos que son detidos por pescar nas augas xurisdiccionáis, usaren tipos de redes ilegáis, etc., etc. (Caso do RIO DAS PEDRAS, CIELSA IV, PESQUERA ONUBENSE III), sabendo que eles non téñen autoridade pra levalo barco a tal ou cal praia de pesca ou usaren tal ou cal tipo de redes?

¿Terán que seguir sendo eles, os mariñeiros, os escravos do mundo do mar e as súas familias, quen siga sempre pagando os pratos rotos?

## GRAPO:

### Dinamita no corazón

Fins dos anos sesenta en Vigo. Abelardo Collazo Araúxo e Luis Alonso Riveiro, amigos e conveciños, xunto con Fernando Hierro Chomón abandonan a liña do *Partido Comunista* de Santiago Carrillo por consideralo revisionista. Collazo era dirixente das *Xuventudes Comunistas Galegas*. Riveiro pertencía ás *Comisións Obreiras*. Hierro estaba no *Partido Comunista de Galicia*. Os tres, xunto con outros, fan organiza-la *Organización Marxista Leninista de Galicia*. Poucos anos máis tarde nacería o *Partido Comunista de España (reconstituído)*, que promovería a creación dunha serie de novas organizacións. Entre elas, os coñecidos *Grupos de Resistencia Antifascista Primero de Octubre (GRAPO)*.

Nas vísperas das eleccións, TEIMA mantivo unha conversa con L.A. Riveiro, suposto dirixente do PCE (r). Nela trátase de situar nos seus límites exactos a ideoloxía das principais organizacións promovidas polo devandito partido: GRAPO e *Socorro Rojo de España*, xunto da versión galega *Socorro Rojo*. Calificadas moitas das accións dos GRAPO coma propias da extrema dereita, a conversa dá perfecta idea xustamente do contrario: os GRAPO serían, nunha ampla organización chea de «especialidades», a rama militar dunhas esquerdas que saen dos parámetros normais á hora de analiza-las súas actividades. Nun momento de grande confusiónismo, cando unha ola de terror e atentados en distintos puntos do territorio español teñen lugar, redactamos estas liñas.

Nunha actitude incomprendible pra maioría dos cidadáns, os *grapos* recén liberados das cadeas e os que aínda permanecen nas prisións teiman na súa idea — desdita idea — da loita armada como solución ós seus programas. Varias cartas deles chegaron á redacción de TEIMA. A conversa con Riveiro, xunto coas cartas dos *grapos* que publicamos, poden empezar a dar claridade encol dunha xente que, na súa práctica política, parece estar disposta a ensombrecer-la existencia futura de tódolos homes e mulleres dos distintos pobos do Estado español. Recollendo as experiencias de antigos grupos coma o *Frente Revolucionario de Acción Patriótica (FRAP)*, *ETA (político-militar)*, etcétera, os *grapos* — encadrados nunha máis grande organización, promovida polo PCE (r) — levan, no seu ideario, a loita armada.

TEIMA coidou de interés moi informativo a publicación das cartas e da conversa e Xavier Navaza procesou os datos.

## Conversa con Riveiro:

# Os grapos che de Galicia

Faltaban tres días somentes pró remate da campaña electoral cando TEIMA falou, nun lugar de Galicia, con Riveiro, destacado membro do *Socorro Rojo* e activo militante do *Partido Comunista de España (reconstituído)*: PCE (r).

— Parece que está claro — dixo Riveiro —, e hastra os propios políticos de dereitas o din, como Areilza, que estas eleccións somentes teñen un obxectivo: lexitimaren o franquismo.

— ¿Entón?


— Polo tanto, coido eu que a única resposta consecuente prós demócratas é boicotealas. Polo demáis, dudo moito que o Goberno conquira o seu obxectivo. O máis seguro é que todo siga igual ou peor que como até agora. Mira, dende o quince de nadal, data do Referéndum, houbo xa máis de trinta traballadores e loitadores mortos e uns catrocentos cincuenta feridos de bala, moitos máis que durante todo o pasado ano e, ademáis, nas cadeas do Estado quedan aínda moitos antifascistas.

— Logo, ¿cál é a túa opinión do que se debe facer?

— Nós coidamos que, por iso, non é dabondo coa abstención nas eleccións. Hai que loitar pola liberación de tódolos presos. Concretamente, en Galicia, comenzou xa unha campaña pola liberación dos galegos que se atopan nas cadeas da Coruña, Carabanchel e na cárcere Modelo de Barcelona.

## «A dinamita foi un conto»

Riveiro toma tódalas precaucións pra se desprazar dun lugar a outro da xeografía española. Por iso, Riveiro sorprendíase cando se atopaba, naquela mañá do pasado vintanove de xaneiro, con que varios policías armados o encañaban coas pistolas e rodeaban de súpeto o seu coche conminándoo a se render. Riveiro deixara o seu Dyanne 6, matrícula de Pontevedra, aparcado nunha estreita rúa do madrileño barrio da Latina. Fora, como el mesmo dí, «a face-las miñas cousas» cando, á volta, atopábase coa policía que o agardaba con todo luxo de precaucións. Por aqueles días, as forzas de orde público agudizaban extremadamente os cercos tras das posibeis pistas dos secuestradores de Oriol e Vi-



llaescusa. Por aqueles días, tamén un super-equipo creado a instancias do propio presidente Suárez pra combater-la guerrilla urbana e desarticular ó GRAPO, descubría na estación de Chamartín unha grande cantidade de dinamita e explosivos.

Os dous días de chegar á Dirección Xeral de Seguridade, en Madrid, o propio comisario Roberto Conesa, recentemente ascendido, esco-

# egaron



LUIS ALONSO RIVEIRO

menzaba o interrogatorio de Riveiro: «Daréiche todo o que queiras —díxolle Conesa, segundo conta Riveiro— a cámbao dunha pista encol dos grapos por cativa que sexa». Na narración dos dezasete días que Riveiro pasou nas dependencias policíais da Porta do Sol madrileña, daccordo con algunhas notas publicadas logo na prensa, a policía non só utilizou a dialéctica co detido. Dende entón, Riveiro, dirixente tamén do

*Socorro Rojo de España*, non oe ben e sofre fortes dores nos pés. Polo menos en dúas ocasións inxectáronlle *pentotal* —a chamada droga da verdade— tendo que ser reanimado con soro repetidas veces.

—¿A qué se debéu a túa detención?

—Sen dúbida foi polo coche. Do contrario, deteríanme na casa ou en calquera outro sitio. Naqueles días, en pleno estado de excepción, a policía organizara xa un estreito cerco arredor dos grapos e, precisamente, seguindo a pista dos coches por eles utilizados. Así que, aquel día, atoparon co meu.

—Coa detención, todo o mundo establecéu relacións entre ti e a dinamita atopada na estación de Chamartín. Logo, seica, no sumario non se falaba pra nada diso. ¿Detivéronte como grapo ou non? A policía, ¿consideróute como membro do GRAPO ou non?

—Estaba claro —di Riveiro— que, o coincidi-la miña detención cos atentados dos grapos contra da Policía Armada e contra da Guarda Civil, a policía buscaba desesperadamente —tras dos secuestros de Oriol e de Villaescusa— unha pista, calquera, pra chegar ós *Grupos de Resistencia Antifascista Primero de Octubre*. Eu son veciño e amigo de Abelardo Collazo e, prácticamente, criámonos xuntos no barrio de Roris (Teis, Vigo). Miña nai é madrileña de Abelardo. Tamén coñecín a Hierro Chomón. Os dous estaban identificados pola policía como dirixentes do GRAPO. E, claro, todo isto levóunos a que crean que eu sabía algo do asunto.

—¿E dinamita?

—Boh! o da dinamita foi un conto, penso eu que foi un verdadeiro conto inventado por non sei quen. Aquela historia, logo, nin apareceu nos interrogatorios que me fixeron. Nin no sumario que me abriron máis tarde, xa che dixen. A única obsesión de Conesa, e sobor de todo de Margarida —«que é o verdadeiro cerebro da policía política», engade Riveiro—, era que eu lles dera unha pista.

## Grapos, CIA e KGB

—¿Décheslla?

—¡Nada! Prometíanme cartos, un pasaporte e o que eu quixera. O fantástico é que, namentres eu e outros militantes de *Socorro Rojo* e doutras organizacións antifascistas estabamos sendo interrogados moi duramente encol do asunto dos grapos, un certo sector da prensa teimaba na idea de que a organización GRAPO era da extrema dereita.

—Ou, mesmo, dirixidos pola CIA ou pola KGB soviética.

—¡Fantástico! Pro eu podo atestiguar moi claramente que a policía nunca tivo a máis mínima duda da ideoloxía de GRAPO. Nin, coido, o Goberno. Que eu saiba ningún membro dos grupos de ultradereita foi interrogado e torturado neste senso e, a cámbao, si o fomos máis de cincuenta antifascistas.

A Riveiro, de cando en vez, gústalle lembralos días pasados con Abelardo Collazo en Galicia e Asturias: «Collazo e máis eu tiñamos por costume ir xuntos —di— á praia ou ó monte cando, no vran, voltaba de Francia onde emigrara pra traballar». Riveiro estivo na Universidade Laboral de Gijón cunha beca. Denantes, durante un curso nas Escuelas Primarias do «Padre Encinas», en Vigo, coincidira con «Pepiño», actual dirixente da *Unión do Pobo Galego* que Riveiro chama «revolucionaria» pra distinguila da liña oficial da UPG que, xunto da Asamblea Nacional-Popular Galega, presentouse como Bloque ás eleccións. Riveiro coñecera, tamén daquela, a Moncho Reboiras, morto pola policía no vran de 1975 cando a UPG tentaba organizarse como grupo nacionalista armado.

## Coa UPG en «mantillas»

—¿Cómo ves ti o movemento nacionalista galego hoxe?

—Coido que Galicia —comenta Riveiro— foi sempre un dos países de España con máis raigaña nacionalista. O que está a pasar é que, namentres en Euzkadi e Catalunya a burguesía e a pequena burguesía mantiveron sempre certas actividades deste tipo, o movemento nacionalista en Galicia foi sempre un movemento desorganizado. Popular, pro desorganizado. Sen embargo, eu penso que só a revolución antifascista e antimonopolista e o socialismo revolucionario poderán resolver-lo problema nacional de Galicia, coma o de Euzkadi ou o de Catalunya. Somentes daquela, as nacionalidades poderán exercer-lo seu dereito á autodeterminación, ou sexa, á separación ou á unión en pé de igualdade.

—¿Qué pensas das autonomías?

—A autonomía que reclaman algúns dos partidos non é, nin con moito, un paso á autodeterminación, como eles din, senón un reforzamento da dependencia económica e política.

—Con todo, vosoutros non pareceades moi daccordo coa actitude dos nacionalistas.

—Dende logo, persoalmente, eu admiro e sintome solidario coas organizacións nacionalistas antifascistas coma ETA, pro non comparto as súas teorías políticas. E, falando de nacionalismo, lembro agora que a primeira manifestación deste xeito que se fixo en Vigo nos últimos corenta anos estivo preparada e foi convocada polas antigas *Xuventudes Comunistas*, onde militabamos Abelardo Collazo e máis eu a principios desta década. A manifestación fixérase pra conmemora-la Revolución Galega de 1846 e como homenaxe ó patriota Antolín Faraldo. Daquela, os da UPG aínda estaban en «mantillas» —salienta Riveiro— e a un membro das XX.CC. detivérono cunha bandeira de Galicia.

—Segundo teño entendido, por ahí podería escomenza-la historia dos actuais grapos. ¿E así exactamente?

—Mira, a evolución daquelas *Xuventudes Comunistas de Galicia* foi un dos acontecementos políticos máis importantes do noso país. Xa denantes da *folga xeral de Vigo en 1972*, a di-

rección das XX.CC. plantexou cuestións que, hoxe, cinco anos máis tarde, os obreiros máis avanzados ven con claridade. O principal era que o *Partido Comunista* de Santiago Carrillo e de Santiago Alvarez non defende os intereses da clase traballadora á que di que representa. Daquela, Abelardo Collazo foi a Francia pra participar nun Congreso de tódalas xuventudes comunistas de España. Alí, diante do propio Carrillo e diante de Santiago Alvarez, expuxo as propostas por nós elaboradas, moi elaboradas, e que tiñan tres puntos fundamentais: *Primeiro*: A substitución da dirección de PCE en Galicia coa destitución da maioría dos seus membros, ós que nos outros considerabamos como verdadeiros caciques. Pois ben, a meirande parte deles segue no cumio hoxendía. *Segundo*: Esixencias pra promover un estudio dos clásicos do marxismo-leninismo e de Mao-Tsé Tung, estudio que viña sendo boicoteado e sabotado pola dirección do PCE. *Terceiro* Revisión da cuestión de Stalin.

## Carrillo non nos quere

«Aquel Congreso nin chegou a ter lugar e eu, xunto con Abelardo Collazo e outros, abandonamos ós carrillistas pra nos xuntar con Hierro Chomón e distintos membros do PCE que estaban en posturas semellantes ás nosas. Foi cando constituímo-la *Organización Marxista Leninista de Galicia* co obxecto de reconstruí-lo Partido Comunista de Pepe Díaz, secretario xeral do Partido en 1932. Creamos, tamén, a coñecida *Organización Obreira*. Tanto a OMLG coma OO, terían un destacado papel na folga do 72 durante a que Hierro Chomón cumpría unha condena na cadea de Jaén».

«A OMLG —comenta Riveiro— nacéu da converxencia de dous grupos que, esquemáticamente, poderían ser chamados como, respectivamente, *líña política* e *líña militar* daqueles mozos comunistas. O primeiro estaba composto pola case totalidade da xuventude comunista galega: Eramos un verdadeiro partido paralelo no seo mesmo do Partido Comunista de Galicia e levabamos adiante estudos sobor do marxismo-leninismo e coa combinación de acción violentas. Levabamos adiante, mesmo, o castigo de esquirols durante a folga xeral. O grupo militar, pola súa banda, tamén nacera de elementos á esquerda de Carrillo e pra levar adiante, tamén, sistemáticamente, o castigo de esquirols. Esta segunda líña foi a que destruíu, xusto despois do proceso de Burgos a fins do ano 1970, denantes de se xuntar connosco, dous «jeeps» e un autobús da policía diante da comisaría na rúa de García Barbón, a carón da igrexa de Santiago de Vigo. Nesta acción caíu Hierro Chomón, que agora mesmo anda fuxido».

«O cumio do PCG —suliña Riveiro— chegounos a ofrecer postos e distintos cargos pra que non se consolidara a escisión. A Hierro Chomón, por exemplo, nomeárono membro do Comité Central do PCG nun intento de integra-la corrente esquerdista do Partido. Pro non lles valéu de nada... En xaneiro de 1972 nacía a OMLG

e, meses despois, en nadal, fusionábase coa OML de España creándose un so comité de dirección.

—¿Cómo nacera a OMLE?

—Nacera cando, cos acontecementos de París de 1968, xuntóuse xente exiliada do Partido Comunista Marxista-Leninista e do Partido

## Agora ¿qué facer?

Comunista de España (Internacional) que, coma non, pretendían a reconstrución do PCE. Con eles e máis nós nacía a OMLE unificada. Co comité de dirección centralizado escomenzaba, logo, a etapa de creación das *bases orgánicas* (cara á creación do *Estado Maior da Revolución* e do futuro *Comité Central do Partido Comunista de España —reconstituído—*), das *bases políticas* e de organización e das *bases ideolóxicas*, referidas tamén ó estilo de vida dos militantes.

«Entón teñen lugar as conferencias das nacionalidades oprimidas. Logo, na primeira confe-

## Nacen os grapos

*mocrática de Estudiantes Antifascistas (ODEA)* e *Socorro Rojo de España*. Tamén, daquela, foi promovida dende o PCE (r) a creación dos *Grupos de Resistencia Antifascista Primero de Octubre (GRAPO)*.

—¿Cómo escomenzou a historia dos grapos?

—Pois a través das expropiacións de armamento, claro —di Riveiro con enerxía—, iso é lóxico. Por ahí hai que escomenzar. Cando a reforma fraguista naufraga chegouse á conclusión da necesidade de buscar armas e adéprende-lo seu manexo pra saír, coa acción armada, do afogo ó que as masas populares se ven obrigadas baixo do fascismo. Entón escomenzaron as accións xeralizadas dos grapos. En outubro de 1975 tiveron lugar as mortes de cinco policías mediante a organización de cinco comandos que actuaron simultaneamente.



ISIDORO PADÍN



ABELARDO COLLAZO

rencia nacional, no ano 1974, aprobábanse os estatutos. O labor primeiro que se nos presentaba —comenta Riveiro— era a celebración do *Congreso Reconstitutivo do Partido Comunista de España* e, como paso previo, tivo lugar a *campaña de bolchevización* contra das tendencias sindicalistas (propias doutras organizacións como a ORT, etcétera) e contra do espírito pequeno burgués dalgúns dos militantes, profundizando no estudio dos clásicos, sobor de todo a partires de «¿Qué hacer?» de Lenin. Despois da campaña, no interior de España, en 1975 tiña lugar o *Congreso Reconstitutivo*. Denantes, claro, houbera moitas purgas froito da campaña previa. Quedaba, xa, o traballo de incidencia nas masas».

—¿Cómo organizáste-lo asunto?

—Unhas das primeiras organizacións promovidas polo PCE (r) foron a *Organización De-*

Riveiro engade que, daquela, o GRAPO non reivindica aquelas mortes xa que a organización —comenta— «aínda non estaba consolidada. Así que, agardouse ó vran seguinte, no 76. Oficialmente, a primeira acción dos grapos foron as explosións que o 18 de xullo pasado tiveron lugar en distintos puntos do territorio español. O reivindicadas, os grapos reivindicaron tamén as accións do 1 de outubro anterior. Días antes, no polvorín da Reigosa, en Pontevedra, tras dun asalto eran «expropiadas» —engade Riveiro— distintas cantidades de armamento e munición. Máis tarde, o cuartel de Santiago era obxecto dun asalto semellante». Dous anos pasaran, xa, dende que o GRAPO, nacente aínda, asaltara tamén á sede do *Movimiento* en Vallecas (Madrid) onde os extremistas *recuperaban* —segundo o seu propio «argot»— «gran cantidade de armamento xunto de numerosas granadas».

Contra da opinión xeralizada de que o GRAPO utilizaría, frecuentemente, ametralladoras do tipo «marietta», Riveiro é tallante cando asegura o contrario:

## «¿Independientes? ¡siempre!»

—O único armamento que o GRAPO utiliza é o produto das súas «expropiacións» nos cuartéis e os subfusís z-45 que lles foron arrebatados ós gardas civís mortos na loita. Cando dos secuestros de Oriol e Villaescusa, o único armamento atopado foron estes z-45 xunto de pistolas do 9-corto e 9-longo, ademais de escopetas de cañón recortado. A historia das «mariettas» só ten un senso: confundir á opinión pra asimilar ós grupos con grupos da extrema dereita.

—Riveiro... A opinión pública, sen embargo, está decididamente contra todo o que poida,

tras organizacións promovidas polo PCE (r). O GRAPO, mira, é un núcleo cun obxectivo claro: a formación do exército popular. Un grupo que naceu da necesidade de lle facer frente ó fascismo no terreo militar.

—Realmente, ¿o GRAPO é independente do PCE (r)?

—Xa cho dixen... O PCE (r) ten militantes no GRAPO e a organización está promovida por el. Máis nada. O GRAPO é o pobo en armas, soldados ou non, é o pobo armado. Polo demáis, tamén hai xente do GRAPO na tropa do exército español, como se sabe logo das «expropiacións» dalgún cuartel.


## De dereitas, nada

—En medio de todo, *Socorro Rojo de España* e *Socorro Rojo*, en Galicia.

—Os dous teñen unha fin, encauzaren a solidariedade antifascista. *Socorro Rojo* sería algo

—Nada. *Socorro Rojo* non ten nada que ver, nin organizativamente nin ideoloxicamente, co GRAPO nin co PCE (r) nin con organización ningunha. A estas organizacións apoiámolas como a tódalas demáis que son verdadeiramente antifascistas como ETA, MPAIAC (*Movimiento para la Autodeterminación e Independencia del Archipiélago Canario*), etcétera. Pro, que sexamos independentes, non quere decir, nin moito menos, que esteamos illados. Loitar sos contra do fascismo é unha inxenuidade. Nosoutros responsabilizámonos de organizar un aspecto desta loita, como é a solidariedade cos represaliados. Estamos pola unidade de tódalas organizacións antifascistas. Cada ún desempeña o papel que lle corresponde.

«En función disto —engade Riveiro—, non tivemos inconveniente ningún pra asistir a diversas «xuntanzas de enlace» coas outras organizacións: GRAPO, PCE (r), ODEA, *Juventudes Antifascistas de España*, e o grupo de intelectuais «Pueblo y Cultura». Todo isto é un cativo pro importante paso cara á unidade popular antifascista. Cada organización garda a súa propia independencia pro, hai algún tempo, recibimos unha



FERNANDO SILVA SANDE



MANUEL CASIMIRO XIL ARAUJO



XOQUÍN VIEITES SANTOS

unha vez máis, esbourar en loitas armadas. Riveiro, moitísima xente non entende cal pode ser a fin dun grupo coma o GRAPO.

—Mira, a fin do GRAPO é a fin dun grupo armado revolucionario: a constitución dun exército popular. Pro, polo demáis, o GRAPO non ten unha ideoloxía concreta: o caso é destruí-lo fascismo e coas armas empuñadas. ¿Que se pode haber infiltracións dentro deles? ¡Home, é un risco grave! Infiltracións non houbo, pro é un risco. ¿Qué organización non corre o mesmo risco? Pro nada hai de certo niso que din certos sectores da prensa que se CIA, que se extrema dereita infiltrada, que se... A policía coñécenos ben. E Carrillo, tamén. Pregúntalle a Santiago Cafrillo. Pregúntalle a Santiago Alvarez. Pregúntalle a Carlos Barros... Eles coñécenos ben a todos nós e saben que non mentimos ó insistir na procedencia de esquerdas do GRAPO e das ou-

así como o apoio loxístico na guerra que, no futuro, vai ser librada contra do fascismo.

—¿Cómo foi construído?

—Ben... En realidade, a idea estivo sempre presente dende que foi disolto o *Socorro Rojo Internacional*, que era a organización de axuda antifascista durante a guerra e posteriormente. Lembro que, durante a folga de Vigo de 1972, un vello obreiro de Barreras lanzou a idea pro, aínda que algo se fixo, a verdade é que daquela o intento non tivo demasiado éxito. Hai dous anos, nembargantes, reanudouse a publicación dun boletín de *Socorro Rojo* que máis tarde pasou a ser a revista mensual «Solidaridad». Hoxe xa se celebró a Primeira Asambleira Xeral con asistencia de varias dúcias de representantes das nacionalidades.


—E, claro, *Socorro Rojo* tampouco terá nada que ver co GRAPO nin co PCE (r), ¿ou non?

carta do Comité Central do PCE (r) na que se nos propuxo *estreita-la unidade dos antifascistas*, carta que estudiamos con moito cuidado e que foi discutida na organización».

Máis tarde, froito daquelas xuntanzas, íase constituir unha *Comisión de Enlace* e, nos últimos días, segundo declaracións de Riveiro —se ben non quixo dar máis nomes a esta revista— a *Comisión* estaba a piques de se ampliar coa solicitude de ingreso doutras organizacións. Entre tanto, Antonio Cubillo —dirixente do canario MPAIAC— declaraba a traveso das ondas de «La Voz de Canarias Libre» que «coñecemos perfectamente á xente do GRAPO e do PCE (r). Que están misturados coa extrema dereita non son máis ca invencións de Madrid. Que sigan sospeitando iso. E Carrillo dílo porque lle marcharon do PCE».

# Exclusiva:

# Os grapos escriben a TEIMA



Na mesa atopábanse Xan Caamaño (PCE—r—), Xesús Monteiro (PCE —r—) e Fernando Viqueira (GRAPO) horas despóis da súa saída da cadea coruñesa. Nela quedaba Xoan Xosé Tumes Santos, do PCE (r) e, en Carabanchel, os tres grapos Abelardo Collazo Araújo, Manuel Casimiro Xil Araújo e Isidoro Padín Cortegoso. Na Modelo, de Barcelona, os tamén grapos Fernando Silva Sande, Xaquín Vieites e Anxel Collazo Araújo. Todos, á hora de rematar estas liñas, en folga de fame. Fernando Silva e Anxel Collazo, ademáis, feridos de bala.

Días antes, tamén, Encarnación Martínez e Celsa Barcia saían en liberdade provisional da cadea de mulleres de Yserías (Madrid). Celsa, casada con Fernando Hierro Chomón, fuxido na actualidade, era a muller que —cunha nena no colo (filla de Xosefa Xil e Manuel Casimiro Xil Araújo)— abría a porta do piso de Vallecas o pasado día 11 de febreiro cando a policía rescataba a Antoia María de Oriol y Urquijo. Encarnación Martínez, muller do grapo Enrique Cerdán Calixto, era a outra das mulleres que aparecían daquela coidando as casas onde tamén se atopaba sequestrado o tenente xeneral Villaescusa.

A TEIMA chegaban, por aqueles mesmos tempos, varias cartas firmadas polos propios presos nas distintas cadeas do Estado español. Nelas, das que ofrecemos unha selección, adiantábanse unha serie de datos biográficos sobre dos acusados.

## «Un cativo revés»

«Teño trinta anos —contra Abelardo Collazo na súa carta—, estou casado e teño unha filla. Son albañil. Nacín en Vigo, no barrio obreiro de Rorís (Teis). Meus pais, obreiros tamén, souberon da miseria que ofrecéu e ofrece o réxime fascista. Os once anos, como a maioría dos nenos galegos, tiven que poñerme a traballar na construción... Viviamos meus pais e máis eu con meus irmáns nun vello forno de face-lo pan, acompañados polas ratas e pola chuva. Meu pai morréu moi novo, ferido pola miseria... Os dazaolto anos tiven que emigrar a Francia. Alí traballei na fábrica Citroen e participei nalgunhas loitas que foron coma o meu bautismo de lume do movemento obreiro. Cando voltéi a Galicia púxenme a traballar na construción onde participei nas loitas e toméi contacto coas Comisións Obreiras e paséi a formar parte de «Juventud Comunista» e do PCG de Santiago Alvarez».

Collazo continúa na súa misiva o relato pra contar cómo chegaron á conclusión de que o PCG «non defendía ós intereses da clase obreira». Nace pra eles, entón, a necesidade de crea-lo «auténtico partido marxistaleninista» e fundan a Organización Marxista Leninista de Galicia que, máis tarde, se fundiría coa Organización Marxista Leninista de España: «Tódolos obreiros coñecen —di Collazo— a participación da nosa nova organización nas grandes e gloriosas folgas de 1972». «Despóis do 72 tiven que pasar á clandesti-

«Temos medo de que, prá cando rematen de saí-los presos vascos da cadea, ningún se lembre xa máis doutros presos de grupos minoritarios que aínda non teñen, coma os vascos, detrás deles o sentimento de todo un pobo pro que tamén merecen ser postos en liberdade», dixeron recentemente distintos familiares dos presos que, acusados de pertencer ó GRAPO, permanecen nas cárceres de A Coruña, Carabanchel e na Modelo de Barcelona. «O pobo galego ten que ter conciencia da súa propia dignidade —dixeron despóis, nunha mesa redonda celebrada na Redacción de TEIMA, os familiares dos grapos e militantes do PCE (r) galegos— pra esixir que a amnistía sexa cumprida pra todos en verdadeiras condicións de igualdade. Se, efectivamente, hai amnistía, que se cumpla».

nidade, perseguido pola policía que me sinalaba coma undos principais dirixentes da Folga Xeral... Dende entón pasaron moitas cousas, entre elas reconstituíuse o Partido Comunista e nacéo o PCE (r). «Nosotros non falamos somentes... Tamén obramos en consecuencia. Os Grupos de Resistencia Antifascista Primeiro de Octubre —di Abelardo Collazo— pra librar unha guerra sen cuartel... Hoxe, algúns compañeiros e máis eu atopámonos na cadea. Tivemos un pequeno

cadea en liberdade provisional, e atopándome enfermo, fuxín a Francia pra esquivar-la condena de seis anos que o fascismo me quería impoñer. En Francia traballéi como pintor e logo toméi contacto coa organización pra seguir-la loita. Voltéi á miña terra e decidín formar parte dos GRAPO. Por esta razón, hoxe atópome na cadea, máis non por iso, nin a pesares das ameazas nin das torturas, logrou ser crebada a miña vontade de loita hastra o final...»

dea da Coruña e, cando safan en liberdade provisional, membros dos GRAPO propuxéronme entrar na organización e non o dudéi. Xa dende antes tiña moi claro que só a loita armada nos podía abri-lo camiño na loita contra o fascismo. Fun detido de novo en Córdoba... la armado, pro non tiven posibilidade ningunha de me defender. Na Dirección Xeral de Seguridade sometéronme a sádicas torturas igual que no Ferrol, pro somentes a morte impedirá que siga loitando pola liberdade do noso pobo...»



«XAN CAAMAÑO E FERNANDO VIQUEIRA —A ESQUERDA FOTO— EN LIBERTADE COS FAMILIARES.»

revés, pro sabemos que a loita non fixo máis que escomenzar...»

## «Hastra o final»

«Son de Vilar de Cabeiros (Arbo) na Ribeira do Miño —conta Manuel Casimiro XII Araúxo—. Teño vinteoito anos. Estóu caso e teño unha filla. Quedéi orfo ós dez anos. Meus pais eran campesinos e morreron ós cincuenta anos desa enfermidade tan extendida pola nosa asoballada terra que é o traballo agotador de sol a sol e miseria». Logo, XII Araúxo emigra á América, onde xa estaban os seus irmáns e, no Brasil, escomenza a traballar de fregapratos: «Os catorce anos trasladéime á Arxentina —continúa na súa carta— pra traballar nunha empresa metalúrxica. Alí libréi, xunto cos meus compañeiros, as miñas primeiras loitas sociáis e rematéi por me afiliarse á Federación da Xuventude Comunista Arxentina. Os dazaioito anos voltéi pra Galicia e púxenme a traballar na hostelería, onde tamén levéi adiante algunhas loitas reivindicativas... Despois da mili, entréi en contacto con obreiros novos revolucionarios que, daquela, dirixían practicamente o movemento obreiro de Vigo».

«No 1972, coincidindo coas folgas de solidariedade dos obreiros de Astano —comenta máis adiante Araúxo—, asasinados polo fascismo, entréi a militar na OMLG. Fun detido a raíz da Folga Xeral Revolucionaria de Vigo en setembro dese mesmo ano e, das terribes torturas que me fixeron, aínda estóu lesionado da columna vertebral e máis do estómago. Tamén daquela perdín parte da dentame e quedáronme sínais polo corpo. A pesares de todo, a miña declaración diante dos torturadores foi en branco. Cando saín da

## Estudiantes na aldea

«Teño vinte e tres anos, estóu casado e son de Corbillón (Cambados). Foi na Universidade —escribe Isidoro Padín Cortegoso— onde escomencéi a participar na loita antifascista. Deica entón era un estudante de aldea e sen contacto coa loita política xa que os centros obreiros están a moitos kilómetros de onde eu vivía... Lembro que varios estudantes amigos fomos invitados a unha reunión cun obreiro de Vigo que desempeñou un papel de dirixente na Folga Xeral Revolucionaria de 1972. A traveso das discusións e conversas con aquel obreiro da OMLG escomencéi a tomar conciencia de moitas cousas...» «A partires disto, un grupo de estudantes fundámo-la OEA (Organización de Estudiantes Antifascistas), que máis tarde, ó se xuntar con outros grupos de fóra de Galicia, converteuse na ODEA (Organización Democrática de Estudiantes Antifascistas). En 1975, cando xa me faltaba pouco pra remata-la carreira de Económicas, trasladéime a Ferrol pois tiñamos que loitar contra o engaño das Eleccións Sindicais».

«Traballéi nunha contrata de Astano e na construción —engade Padín Cortegoso—. A fins de ano tiven que fuxir da cidade pola persecución da policía. Trasládeme a Vigo pra traballar na construción e participéi, entón na folga de Pernas en febreiro do 76 e, máis tarde, na Folga Xeral onde fun elixido delegado polos meus compañeiros da empresa Malvar do Meixeiro... Voltéi a Ferrol coa miña compañeira e alí detivéronnos ós dous en setembro. Estiven preso na ca-

## «Os nosos seres queridos...»

Xaquín Vieites escribe: «Teño vinte e tres anos, nacín en Corbillón (Cambados) e pertenzo a unha familia de labregos. Meus pais querían que estudiara e eu quixen cumprirlle-lo gusto pro a min iso non me ía. Deixéi de estudar e fuxín a Santiago onde traballéi de peón. O pouco fun despedido por esixi-lo «plus» de nocturnidade. Logo marchéi pra Ferrol a traballar na construción. Alí estiven un ano e, despois, fun pra Vigo onde me detiveron xunto con tres compañeiros máis cando vendía o periódico obreiro «Gaceta Roja». A policía acusóme de propaganda ilegal e metéronme por dous meses na cadea da Coruña. O saír fun face-lo servizo militar a Cádiz pro, cando volví dun permiso, desertéi, xa que no cuartel onde estaba destinado non se podía facer moito labor e fóra habíam moitas tarefas que cumprir. Como estaba moi fichado e a policía me buscaba por toda Galicia, vin pra Barcelona e eiqú detivéronme de novo».

«Son da aldea de Carnota (Fisterra) —conta Fernando Silva— e nacín hai vinte e tres anos no seo dunha familia de labregos probes... Até os dazaioito anos traballéi na casa con eles. Tiñan moita ilusión por que eu estudiara e, con moitos sacrificios, mandáronme á Universidade de Santiago. Pronto tiven que deixa-los estudos por falla de medios... Daquela, meu pai e máis os meus irmáns máis vellos víronse na obriga de emigrar a Alemaña e Suíza, onde pasaron varios anos fóra da nosa terra e separados da familia. Namentres, miña nai mantíña a casa traballando na terra como fan a maioría das valerosas mulleres campesinas de Galicia. Durante dez meses estiven embarcado e máis tarde fun a Asturias a traballar en Ensidesa. O ano seguinte volví a Santiago e traballéi de camareiro pra sufragar-los gastos dos estudos. No 1975 conseguín escomenza-la carreira de Económicas e toméi contacto co movemento estudiantil, pro foron as folgas do 76 en Vigo as que máis me animaron pra decidirme a participar de cheo na resistencia antifascista».

Son, pois, cinco das cartas chegadas á Redacción de TEIMA. Namentres tres dos detidos na Coruña foron postos en liberdade, alí queda Xosé Turnes Santos. Abelardo Collazo, Manuel Casimiro XII Araúxo e Isidoro Padín Cortegoso, en Carabanchel. Detido recentemente, Anxel Collazo Araúxo —irmán de Abelardo— atópase agora na cadea barcelonesa xunto con Fernando Silva e Xaquín Vieites. Entre tanto, os presos doutras organizacións fóra ou «extrañados», os familiares dos grupos galegos teiman con tódalas forzas da ialma: «Se deran a amnistía que prometeron —dixeron a TEIMA— habería máis tranquilidade en España. Así non... Nós temos a uns seres moi queridos na cárcere e teremos que seguir loitando por eles hastra velos ceibes, en liberdade».



## CALO

# A autopista non pasará

A poucos kilómetros de Santiago, varios centos de familias preocupanse pola fendedura que pode significar nas súas terras e casas o trazado da autopista. Pensan, con razón, que están ameazados. PERFECTO CONDE recolléu impresións por varias aldeas.

«Se Deus, ou o Demo, non nos botan unha man, aquí teremos que emigrar todos», contaron a TEIMA veciños da parroquia de Calo, a seis kilómetros de Santiago. O problema que ten é que, tamén, polas súas terras e por derriba das súas casas vai pasala «Autopista do Atlántico». Por se fora pouco a fendedura, no sorteo das desgracias tocoulles apandar cunha desas áreas de servizo que se instalará no lugar de Fixó.

### 900 FINCAS

Están que trinan os labregos de Adrán, Fixó, O Carballal, Galanes e a Cascalleira, Vilar de Cabo, Cabovila, Reborido, O Milladoiro, Ameneiro, Texexe, Riotinto, A Pedreira, Casalonga e Os Villares. Fanse todos a mesma pregunta que se fixeron, tantas veces e por toda Galicia, afectados da autopista. «Por qué ten que metérmola polo medio do val, polas millores terras, por riba das leiras e mesmo sobre das casas, cando se a puxeran máis pra riba, polo monte, faciannos moito menos dan». Danlle voltas unha e outra vez á pregunta e, canto máis o fan, máis se lles revolve o caletre.

«Vivimos bastante ben. As nosas terras dan de todo, millo, patacas e hortalizas e coa gandería que temos e que poderíamos aumentar tamén podemos ir tirando. Hai que contar que estar perto de Santiago é unha bendición pra nós. Agora, tal e como queren face-la autopista, arramplaránnos coas millores leiras e tiraránnos varias casas».

Segundo os datos que puido xuntar esta revista, a expropiación afectará a máis de 900 fincas de labradío e pradería e haberá que tirar tres muíños e unhas vinte casas habitadas.

«¿Quén nos defende a nós diante desta inxusticia?», preguntánsen os veciños e eles mesmos responden que ninguén. «Nós sómo-los únicos que temos que defende-lo noso —explicou o presidente da Agrupación de Afectados que, en formación, reúne xa a 140 familias— e teremos que ser nós os que fagamos como os de Pontevedra; non deixala pasar».

«A autopista virá escarallánnos los pozos que fixemos nós, cos no-

xa había, a vía do tren e máila autopista. Imos estar ben comunicados, ho!». Diso nada —contestoulle outro—. O que imos estar é incomunicados e pechados entre esas tres raíñas do demo que nos van levar todo».

Os veciños andan cabreados tamén porque non se valora no proxecto as súas propiedades máis que como se foran labradíos. «¿E logo os prados que temos, e os terreos edificabeis nunha área tan próxima a Santiago? ¿Seica ninguén pensa pagármolos polo seu valor verdadeiro?». De feito, o simple proxecto xa afectou dabondo ós propietarios da zona. «Mire —conta un labrego de Fixó— que eu tiña pensado facer un plantío de frutáis e aumenta-lo gando que tiña. Non podo facer nada porque non sei realmente o que vai ser de min coa autopista. Polo de agora xa me des-

fixen de dazaseis vacas que tiña, por se acaso». Poderíanse contar outros casos particulares coma o dun veciño de Ameneiro que construíu unha casa cos cartos que se xuntaron por suscripción popular —xa que o home enfermara e a súa familia non tiña posibles— e que agora é unha das casas que vai tira-la autopista. Hai xente que tiña pensado vender terras ou compralas e que, diante do perigo, non pode facelo porque ninguén llas quere.

Hai ano e medio, os veciños acudiron a unha mesa redonda que se celebró en Balcaide pra discuti-la posibilidade de que pasara a autopista polas terras de Calo. «Daquela —lémbrese agora un afectado— non nos decatamos ben do que nos viña enriba. Pro ímonos decatar ben logo». Hoxe non hai información e nin siquera se sabe o que vai pasar nos vales de Cernadelo, Ameneiro, O Milladoiro e máilos Villares. Os veciños escribiron ó Presidente do Gobergo e ós ministro de Obras Públicas e da Vivenda e aínda seguen sen saber nada.

Mentres tanto, os ánimos soben de tono. «Eu rómpolle-la testa cando se presenten», berraba unha vella. «Que non pensen que imos quedar parados como se foramos coellos», sentenciou un vello, curtido en anos, que non paraba de mirar pró val con ollos caseque anguriados. Todos, máis dos trinta que acudiron a falar con TEIMA, coincidían nunha cousa: «Todos xuntos podemos facer algo pra defende-lo que é noso. Cada un por separado, cómmenos».

A AUTOPISTA XA ANDA POR CERCA DE CALO



YAÑEZ



## sucede no país

Mentres os armadores lle daban unha man ó Goberno pra ir pedir xuntos a Bruselas que, por favor, os países do Mercado Común os deixaran pescar nas súas augas xurisdiciónais, os mariñeiros —co paro petando na porta da casa— tiñan poucas ganas de andar de diplomacias.

Mentres os armadores coruñeses falan dos oito mil millóns de pesetas que poden perder, os mariñeiros falan das 1.500 familias que poden quedar sen traballo.

### As 200 millas

# Os armadores piden papas

Por novembro deste último ano sabíase xa que, pró primeiro de xaneiro do 77, os países da Comunidade Económica Europea ampliaban a 200 millas as augas marítimas de dominio propio, medida provocada por unha igual decisión de Noruega e Islandia —que botaban ós barcos comunitarios deses caladeiros— e pola necesidade de racionalizar e controla-la explotación dos propios recursos mariños.

Pouco menos que de coña tomaron os armadores e mála administración pública tal decisión. As autoridades sabían dende había meses o da ampliación e tamén sabían dende o 24 de febreiro os custos de capturas impostos ós barcos, mais hastra abril non parecían moi interesadas en negociar co MCE. Os armadores tampouco quedaban moi atrás en irresponsabilidade: chegaron a decir que ían pescar anque foran áreas prohibidas, que non pagarían multas e seica dixeron, aínda, que se dispoñían a non paga-la seguridade social e rescindir contratos laborais.

Unha comunicación da CEE —con data 6-4-77 despertaría do limbo a armadores e autoridades. Nesa nota decíase que dos 1.446 buques que faenaban na súa xurisdición terían que quedar 124, correspondéndolle ó porto da Coruña uns corenta. Explicábase tamén que nas áreas de Irlanda e Inglaterra só deixaban pescar xurelo e pescada.

E había máis limitacións: ó porto da Coruña pertencíalle, pra cada una desas áreas, so dous barcos de máis de mil cabalos, puidendo se-lo resto de 700 pra riba.

### OS ARMADORES

Cando o oitenta por cento das

capturas estatáis viñan das augas comunitarias, a drástica expulsión deses caladeiros era toda unha auténtica bancarrota nacional. Anque mal e tarde, a mediados de abril, autoridades e armadores negociaban en Bruselas e, polo que parece, con boa sorte. Hai que pensar que España non ten nada que ofrecer a cambio, nin posee razón de máis peso ca unha historia de moitos anos faenando nesas áreas. O acordo-marco pode quedar xa listo neste mesmo mes e —disque— responde bastante ben ás súplicas dos armadores.

A primeira preocupación dos empresarios —pra evita-la paralización masiva da frota é conseguilo aumento dos buques que teñan dereito a faenar nos mares comunitarios, estando dispostos a reduci-lo esforzo de pesca por embarcación por un maior número de licencias. A outra preocupación básica é que se amplíen as capturas ás especies asociadas á pescada, xa que os barcos non fan pesca selectiva e de, teren que tirar canta captura non fora pescada ou xurelo, non sería

OS TEMPOS XA NON ESTAN PRA RISAS



X. LOBATO

O PARO PODE ESTAR BEN CERCA

rentábel saír ó mar. Outra petición plantexada ó Mercado Común foi que as licencias non foran pra unha soa área e que poida haber traslados de zonas, segundo veñan os bancos de peixe ou o tempo. Tamén pediron que se revisaran os topes de potencia de cabalos, xa que a frota é de gran tonelaxe, co que —por exemplo— dos 40 barcos autorizados pró porto da Coruña só poderían faenar 20, por sobrepasaren os outros buques o límite de potencia.

### OS MARIÑEIRO

Moi atentos andan os traballadores ás solucións que buscan os armadores. E non as ten todas consigo.

«Anque tódolos capitalistas andar a salva-los seus cartiños, hai moita diferenza entre uns patróns mínimamente intelixentes, partidarios de negociar coa CEE, e outros que parecen puros gansters: despois de se forraren a mazo, xa están a falar —antes de teren a máis m-

nima perda— de liquida-la súa frota e vendela a precio de saldo a armadores extranxeiros ou nacionais. Tamén falan de empacuetarlle o morto ó INI, xa que din que paga empresas ruinosas ó precio dos millores tempos».

Mentres os armadores buscan solucións a medio prazo mediante estes acordos co MEC, os mariñeiros van moito máis lonxe nas súas denuncias e nas súas solucións. Prós traballadores, administración e clase patronal son os únicos culpábeis deste grande crak, desta bancarrota salvada polos pelos.

«Estabamos vendidos por un réxime político antidemocrático que impedía a nosa entrada en Europa, cousa que hoxe pagamos coa marxinación dos mares comunitarios. Estabamos vendidos, tamén, pola irresponsábel actitude dos armadores: preocupados por faceren moreas de cartos, endexamáis quixeron saber nada dun plan pesqueiro que salvara os nosos caladeiros; pra eles, non había máis ca barcos moi grandes, que pescaran moito, que deran moitas ganancias. Ende-xamáis se preocuparon polas mallas, polas épocas ou pola talla das capturas. Agora, claro, expulsados de Europa, botan as mans á cabeza ó ve-las plataformas propias absolutamente arrasadas».

Se perigoso pró negocio dos armadores resultan as limitacións da CEE, parece que moito máis perigo ven nas alternativas mariñeiras pra sacar adiante un racional plan pesqueiro que garantice traballo, alimento, amáis do equilibrio ecolóxico: disque os traballadores queren crear un sindicato de loita pra que o mar sexa de todos e os barcos de quen neles traballa.

YANEZ

## «Urquiola»

# A cousa das indemnizacións está negra

«Pechámo-la porta de saída, metémo-lo secretario da Cofradía de Pescadores no medio de todas nós e, aínda, agachámo-las chaves pra que o noso home non tentara escapar».

Logo de andar dous meses de ceca prá meca, de escoitar decir ó secretario que tiñan que ir a tal sitio ou a tal outro, unhas setenta mariscadoras da Coruña decidiron dar un golpe de forza pra esixir das autoridades as 25.000 pesetas —4.125.000, en total— que corresponden a 167 compañeiras, como indemnización polo paro que veu logo do incendio do petrolero «Urquiola», xusto na boca do porto da Coruña, hai disto agora un ano.

Resulta que as mariscadoras pechadas —que xa cobraron as 50.000 pesetas da segunda e terceira tanda de indemnizacións— non tiñan dereito ás 25.000 da primeira entrega, por non ter pagadas as cuotas correspondentes ó tempo polo que se abonaba a primeira tanda. Pro, no nadal último, a Cofradía cobróulles cantos atrasos tiñan pendentes, co que, postos ó día os seus carnets profesionáis, pasaron a esixir-lo pago da primeira indemnización.

«Foi un venres, día tres, cando ocupámo-los locais da Cofradía ó tempo que secuestrabamos ó secretario, pra nós, o principal responsábel de que non nos dean os

cartos. Tivémolo ben controlado de dez da mañá a sete da tarde, e, se non fora polas esperanzas de solución que nos deu por teléfono o secretario particular de don Adolfo Suárez, dalí non saía».

O luns, seis, xuntábanse as mariscadoras e, vendo que no goberno civil non daban garantías de cobrar, decidían a ocupación indefinida da Cofradía, hastra que deran os cartos que por lei lles correspondían. Cando xa van aló dez días de peche, parece que as mulleres conseguiron o seu obxectivo: seica o gobernador afirmou que non hai problema de cartos, que diñeiro haino; o único que pediría sería unha fórmula coa que non pillarse os dedos. Por unha banda, nas autoridades hai medo a pagar a estas 167 mariscadoras por saberse que as 850 mulleres que cobraron as tres tandas ameazan con tomar media Coruña se as compañeiras pechadas reciben os mesmos cartos ca elas, xa que consideran que ó levar máis tempo traballando teñen dereito a máis cartos. Por outra banda, de cara ó orde público, as autoridades precisan rematar co peche, pro as mulleres non marcharán hastra te-los cartos: logo de estaren dez días durmindo no chan —«peor ca en

certo que houbo mariscadoras —algunha desas 850 que cobraron as tres pagas— que advertiron a eses homes dos perigos de poñer ó día ás traballadoras que tiñan cotizacións atrasadas. E certo tamén que un dos candidatos pola UCD ofrecía igual cantidade de cartos práns necesidades da Cofradía cós que fan recoller polos atrasos.

«O que ninguén entende é qué movéu ós dous directivos a cobra-los recibos pendentes, cando nosoutras mesmas quedabamos conformes coas dúas pagas. E polos enfrentamentos que houbo entre eles e nós —primeiro, ó non pagar; segundo, o secuestro; terceiro, a negativa a irmos xuntos a falar co gobernador; cuarto, o desaloxo gubernativo pedido contra nós non parece que a razón fora favorecer por igual a tódalas mariscadoras».

Habendo petróleo polo medio, normal de todo é que estea pouco clara a fórmula a que terán que acudi-las autoridades, normal de todo é que estea pouco clara a postura dos directivos da Cofradía e, mesmo, da meirande parte das mariscadoras. Pro non paran ahí as cousas: Sindicato Libre da Mariña Mercante denunciou hai tempo —sen que ninguén o desmentira—

¡APROVEITA AS VACACIONS PRA AUMENTA-LA TUA CULTURA..!

## CEBEM

ORGANIZA:

- Curso intensivo de mecanografía
- Graduado escolar
- Curso de contabilidade e matemáticas financeiras.
- Recuperacións do BUP e máilo COU

PROFESORADO CON GRANDE EXPERIENCIA PEDAGOXICA E PROFESIONAL

Información e matrícula na secretaría do Centro:

José Antonio, 1 - 1.º VIGO  
Tf. 22 80 03



BUSCANDO INDEMNIZACIONES

Carabanchel»—, de aturaren ós vinte meniños tamén pechados con elas e de comeren case só bocadillos, aínda ten unha moral tan alta que hastra aprobaron vende-la Cofradía pra, así, poder cobrar elas.

Segundo as mariscadoras quén «embarcou» ó gobernador nesta tronada foron o patrón maior e máilo secretario da Cofradía. E un dato

que dos 2.100 millóns de pesetas dados pola compañía de seguro práns desastres causados, polo «Urquiola», a Galicia só chegaron 200. Agora un entende por qué as mariscadoras pechadas din, unha e outra vez, que catro millóns de pesetas, ó fin e ó cabo, non son nada.

Ti,  
que chegabas coa forza  
imperiosa da vida nos  
beizos,  
e co corazón cheo de  
paxaros  
pra este novo souto que  
estamos a facer no silencio...

## MENDEZ FERRIN:

# «Galicia ten que se salvar nos suburbios»

Manuel Rivas

Veleiquí o político, veleiquí un poeta. Xosé Luis Méndez Ferrín: detido varias veces e procesado durante o franquismo polas súas actividades políticas; último Premio da Crítica polo libro «Con pólvora e magnolias» e un dos máis importantes autores da contemporánea literatura do noso país. Comprometido co nacionalismo dende moi mozo, escritor da resistencia, nome verdadeiro dese *Heriberto Bens* anunciador de futuros, ceibes e vermellos, tempos. De verbas frías e duras cando o tema é a política cotiá, o nacionalismo —a súa situación—, a *sindical reconstrución diaria*: ex-

cesivamente dogmático e ortodoxo, pensarán algúns; alporizado e rotundo, cando asoma á leria a inevitábel cuestión das eleccións; aberto, nada esquemático, nos asuntos da poética... Hai, pois, unha mistura de mármore e luz neste home que agora vai cara ó tocadiscos, quita a música de Leo Ferré cantando a Louis Aragón, encende un pitillo e dispónse ó ceremonial da entrevista. Como fondo, non a vella Compostela, senón este Vigo proletario, o cemento omnipresente, as máquinas do mar, aló na ría. Non se extrañen, pois, se o urbano, se a *cidade*, e o que representa en Galicia, abrangue boa parte do discurso.



YAÑEZ

## Galeguismo: cultura e política

**Pola túa propia traxectoria, es unha das persoas con maior información sobre a evolución do nacionalismo galego nos últimos tempos. Pra mocidade, pra grande parte dos galegos, todo elo é unha historia descoñecida, en branco...**

—O galeguismo é fundamentalmente a posición que ven dende a Xeneración Nós hastra o Partido Galeguista, que se concreta na práctica política do P.G. durante a República. Os galeguistas foron borrados do mapa no 36, foron perseguidos e asesinados, ou ben tiveron que fuxir ó exilio. Hai un pequeno núcleo, o de Ramón Piñeiro, que durante os anos da II Guerra Mundial intenta construí-lo Partido e leva-la política galeguista dentro da Alianza Nacional de Forzas Democráticas. Isto vese frustrado pola traición dos aliados. R. Piñeiro vai á cadea, está varios anos, entón o galeguismo ponse a reflexionar e adopta unha liña liquidacionista. Liquidada o partido e adopta unha posición federalista, europeísta e culturalista. Ponse mans á obra e fai

un traballo moi grande: a creación da editorial Galaxia que serve como canle no que van confluír tódalas inxerencias literarias galegas. A política de Galaxia vai ser de reconstrución cultural do país, reconstrución da lingua: esa era a grande obra de R. Piñeiro e dos seus homes. E aquí onde tes que situar, no 1964, un movemento de contestación a este galeguismo cultural. Contestación que fai a xente da miña idade. Cando nós decidimos constituí-lo Consello da Mocidade, é pasar da práctica cultural á práctica política. O Consello non dura nin un ano. De seguida, racha e aparece o galeguismo político de novo: por un lado, o Partido Socialista Galego, e por outro, a Unión do Pobo Galego. Aparece por primeira vez na historia de Galicia un nacionalismo revolucionario.

**—¿Cándo te-los primeiros contactos co nacionalismo?**

—E no 1953. Estudiaba sexto de bacharelato en Pontevedra e tiñamos un círculo político con Suso López e outra xente. X.L. Fontenla Méndez facía circular «Sem-

pre en Galicia» e un inesquecibel mestre, Francisco Cerviño, introducíanos no galeguismo, no radicalismo político e na cultura máis viva.

**—O tempo que escomenzas a ser coñecido como escritor, ti participas na fundación da Unión do Pobo Galego. ¿Poderías facer un resumo da túa traxectoria persoal dentro da U.P.G.?**

—A U.P.G. nace no 64, xa o dixen, como consecuencia da ruptura

dun grupo de nacionalistas galegos coa liña autonomista, anticomunista e europeísta levada por Ramón Piñeiro. A nós expúlsannos do Consello da Mocidade por considerarnos marxistas. Reunímonos con xente doutras xeracións como son Luis Soto e un grupo de veteranos comunistas do PCE, á súa vez expulsados dese partido por naciona-



«FENOSA E UPG  
SOMOS COMA VELLAS COÑECIDOS»



YAÑEZ

listas. Conflúen tamén persoas, coma Celso E. Ferreiro, que procedían da Federación de Mocedades Galeguistas de antes da guerra, ou coma Manolito García Caeiro, traballador procedente das Xuventudes Comunistas. Entran, pois, tres xeracións.

## Do populismo ó leninismo

—¿Definíaste entón como marxista-leninista?

—Non, non. Eu era entón un populista revolucionario perfectamente indefinido, un interclasista...

—¿Por qué teóricos estabas influído entón?

—Ben Bella, sobre todo Ben Bella. As posicións arxelinas, a revolución armada fronte ó imperialismo, todo iso influíu moito en min. Naturalmente, ó pouco tempo todos escomenzamos a profundizar no marxismo-leninismo. Foi un proceso que vivimos todos. Xa había algún marxista-leninista na U.P.G., eu dende logo nono era.

—Despóis...

—Bo. Isto non anda e nese mesmo ano 1965 o Partido Comunista de España coñece a súa primeira expansión. Coloca aquí algúns cadros moi bos. Naturalmente, cómonos incluso militantes, xente moi valiosa que logo voltaría a nós. Falan entón de que se vai facer un Partido Comunista de Galicia e que polo tanto a UPG non ten razón de existir. Somos un grupo pequeniño, un grupo que non medra pro que, nembargantes, leva adiante unha campaña de axitación case histórica arredor do problema de Castrelo do Miño... a UPG ten dende Castrelo hasta as Encrobas unha longa tradición contra FENOSA, somos coma vellos coñecidos. Dalí a pouco, como consecuencia do de Castrelo, expulsan de España a Luís Soto. Moita xente marcha. Celso Emilio á América, despóis dunha homenaxe histórica que nós lle organizamos en Ourense e que consistíu no primeiro mitin político posterior á guerra. Hai unha pequena escisión que se vai ó PCE. Entón quedamos moi sós...

## Entón había medo

—E moi poucos, ¿non?

—Sí, moi poucos. Eramos dez ou doce. Entón a xente non quería ser militante, nin moito menos ter postos na dirección. Entón daba medo, claro, non é coma agora...

Ben, o protagonismo da organización está entón en Madrid porque aquilo queda un pouco salvado e é un círculo bastante interesante. A policía escomenza contra min unha campaña de persecución sistemática e vaime á chepa cada dous por tres. Despóis de dous procesos dos que consigo saír libre, un por rebelión militar e outro no TOP por propaganda ilegal, detéñenme durante o estado de excepción do 69 e vou á cadea por dous anos. No 72, durante a folga revolucionaria de Vigo, volven a procesarme pro non me deixo coller e vivo na clandestinidade tres meses. Son uns longos anos de tensión, moitos interrogatorios, detencións, rexistros...

—¿A policía chegaba a relaciona-la túa figura de intelectual coas túas actividades políticas?

—Algúns coñecían escritos meus... Decíanme que me adicara á literatura, que o facía moi ben.

—¿Que representaba pra eles a UPG?

—Vían á UPG coma un perigo potencial que había que afogar. Non se podía permitir unha ETA en Galicia.

—Ben, saes da cadea...

—Saio da cadea no 71 e atópome con que Pepiño Torres, que estaba no cumio central e hoxe é un alto dirixente do Movemento Comunista, ingresa na Federación de Comunistas, que era un grupúsculo

madrialeño, e trata de converter á UPG nunha organización de masas dependente da devandita Federación. Entón, os cadros máis novos dan un «golpe», illan ó españolismo e fan un pequeno congreso.

## Nunca se termina

—¿Un congreso?

—Un congreso no que non está todo o mundo. Foi coma se dixéramos un congresiño. Eléxiuse por sufraxio unha dirección. Foi medrando a organización. Apareceron uns cadros novos que son magníficos, entre eles Reboiras, que morréu en combate. Despóis, no 74, entréi nunha crise de carácter absolutamente privado, que non tiña nada que ver coa política... Consideréi que a miña función estaba terminada, erróneamente, por suposto: nunca se termina. Penséi que os compañeiros podían facelo moi ben: evidentemente fixérono moi ben. Entreguéime totalmente ó sindicalismo, traballando arreo na construción da UTEG. Hastra esta crise na que volvo ás tarefas políticas.

—Nun traballo publicado en «Ruedo Ibérico» sobor dos partidos políticos en Galicia, Helmut Heine recolle unha acusación no senso de que ti, durante o vran

do 75, quixeches dar na organización unha especie de «golpe de estado» e ocupar de novo a dirección...

—Non hai nada de certo en todo iso. E un puteo barato de persoas que tiveron unha postura cobarde naquel intre. Explícome: no ano 75, cando caíron os compañeiros, moitos dirixentes foxen sen razón en vez de reconstruí-lo partido dende a clandestinidade. Realmente tiveron medo de que eu me fixera cargo do partido, pro esa intención non existía. Púxeme en contacto coa organización ó traveso de dúas persoas e dixeran que aínda que estaba fóra, estaba disposto a todo o que fora axudar ó partido. O resto é rigurosamente falso.

—Recentemente filtrouse á prensa un documento, chamado «Documento dos 16» ou «Documento contra os coronéis», no que se critica fortemente á actual dirección da Unión do Pobo Galego. Dise que no estilo, nas metáforas, se adiviña a man de Ferrín...

—Esa acusación estóu canso de escoitala á policía. Cada vez que aparecía un panfleto decían os polis que era do meu estilo...

—Pro, ¿identificaste nalgunha medida con ese documento?

—Eu sei que o que di ese documento é certo dende a punta hasta o rabo e estóu agardando que alguén demostre o contrario. Hastra agora non se contestóu ás acusacións que nel se formulan, nin dentro da UPG nin fóra, e as acusacións son graves. De tódolos xeitos, é un documento que está xa fóra de tempo, que é histórico, e que servíu de revulsivo.

—E agora mesmo, ¿ónde te sitúas politicamente?

—A UPG está dividida. Existe unha UPG baixo control pequeno-burgués e outra de dirección obreira. Cando falo da UPG refrome a esta última... A UPG dende 1972 —habería que le-los «Terra e Tempo»— parece que vai orientándose cara a unha posición comunista, abandonando o radicalismo interclasista dos seus intres primeiros. Isto non ten nada que ver coa presenza do grupo «Galicia Socialista», grupo social-demócrata obreiro que entra neses momentos. Obedece a unha dinámica interna. A partir



## Eleccións: todo preparado

—As eleccións están ahí...

—Entendo que non se pode presentar ás eleccións dende unha postura de esquerdas, dende unha perspectiva nacionalista, por unha serie de razóns: primeiro, non se dan as condicións democráticas mínimas pra poder participar nos comicios; segundo, non é nin ético nin político presentarse ás eleccións de tal maneira que ten que gaña-la Unión de Centro Democrático, nesa magnífica operación reaccionaria de Suárez apoiada polo Departamento de Estado norteamericano... E perfectamente destructíbel o argumento de que se pode utilizar unha campaña electoral pra difundir unha idea nacionalista, unha idea de esquerda revolucionaria. (1).

—A participación xustifícase pra combatir ó españolismo.

—O españolismo combátese na realidade non nas eleccións. Nos movementos de masas, nas organizacións populares e sindicais, as 24 horas do día, elevando o debate ideolóxico. Non se combate substituíndo os razonamentos por «slogans» e rebaixando o programa UPG-ANPG hastra o nivel da democracia cristiá ou cousa así.

—A **Asamblea Nacional Popular Galega** parecéu ser nun intre unha organización capaz de encadrar todo o nacionalismo galego. Ti mesmo participaches na súa formación. ¿Cómo ves actualmente este organismo? ¿Cómo ve-lo propio nacionalismo?

—Hai unha cuestión importante e é a relación partido-asamblea. Un partido comunista, un partido obreiro, dentro dun movemento de liberación nacional debe dirixir este movemento, debe ser hexemónico, mesmo debe ser elemento aglutinante entre as camadas populares. Debe resolve-las contradicións nesas camadas populares, debe se-lo elemento integrador e dinamizador.



YAÑEZ

Iso foi o que fixo a clase obreira no Frente de Liberación de Vietnam. Un partido de dirección pequeno-burguesa non poderá dirixir dialécticamente o frente de liberación nacional, únicamente poderá dirixilo mecánicamente, «a fortiori». Un frente de liberación nacional dirixido pola pequena burguesía «patriótica» termina sendo o «verdadero partido» desa clase social e non fará posíbel o paso ó socialismo, mesmo se triunfa. E o caso de Arxelia e o seu FLN.

A AN-PG segue vixente, é a forma que toma en Galicia o frente de liberación nacional. Pro ten que ser remodelada e conducida por outros medios diferentes. A súa función histórica é absolutamente irremprazábel. Neste momento en que as forzas nacionalistas están absolutamente disgregadas, cada unha pola súa banda, é necesario replantexarse toda esta política de bloque nacional-popular, é o intre de que as forzas de dirección galega asuman realmente a necesidade histórica de se reuniren, de se agruparen, de reconstruíren a Asamblea, de reconstruíren o Consello de Forzas Políticas. Penso que é a única solución e penso que despois das eleccións a gran crise política e persoal que vai sufrir moita xente honrada vai clarifica-lo camiño. Os meus camaradas e máis eu xa o avisamos.

—A polémica nacionalismo-españolismo é un dos temas centrais hoxendía dentro da esquerda. Mesmo levóu a enfrontamentos físicos coma en Xove...

(1) Esta entrevista fíxose antes do 15 de xuño.



FERRIN PIDE A PALABRA

dese intre avánzase de cara a converter á UPG nunha organización comunista. Este proceso, de forma imperceptíbel pro segura, tórcese nos dous últimos anos, e entón a dirección da UPG, ó expulsar ó único elemento que quedaba na dirección que sostíña os puntos de vista obreiros, o camarada Pablo, abordó unha política sectaria e por outro lado dereitista. Prescinde de calquera tipo de plantexamento radical respecto da independencia de Galicia, nega ou trata de nega-la función dirixente do proletariado na loita de liberación nacional. E o intre en que evidentemente se producen purgas en masa e como consecuencia desta dinámica os camaradas comunistas vense obrigados a reorganizarse.

«ENTON, A XENTE NON QUERÍA SER MILITANTE, NIN TER POSTOS NA DIRECCION»



YAÑEZ

—Eu penso que a contradición fundamental proletariado-burguesía, nun país colonizado como é Galicia, pasa pola contradición entre a totalidade das clases populares galegas e a totalidade da oligarquía imperialista. Esa é a contradición principal. A contradición principal non está no nacionalismo-españolismo, iso paréceme unha parvada. E unha expresión cultural ou superestrutural desa contradición principal entre as camadas populares galegas e oligarquía monopolista española. Por iso somos nacional-populares. Agora ben, co de Xove non hai que facer metafísicas. Alí chupó unhas hostias Pilla-do. Deullas a AN-PG. O outro día, aquí en Vigo, uns rapaciños levaron outras hostias por ten unha bandeira republicana. Déullelas o PC.



«O DOCUMENTO DOS 16 É CERTO DENDE A PUNTA HASTRA O RABO»

## ¿Un bohemio?

—Vouche plantexar unha cuestión persoal. Dise de Ferrín que é un bohemio que é unha persoa que non soporta unha disciplina de partido...

—Poís macho, tivena que soportar dende os sesenta... Non, dende antes. Dende que tiveron os primeiros contactos no 53 co galeguismo. Non deixei xamais de estar organizado... En fin, imos ver, cando moitas persoas que din iso estaban dormitando nos seus cuartéis de inverno, como dixó moi ben a señora Dolores Ibarruri, eu xa estaba organizado e xa levaba anos no partido.

—Pro o que sí pode haber é unha crítica á estrutura clásica dos partidos marxista-leninistas, unha procura dun novo tipo de militancia.

—Isto que dis non é novo. Procede das posicións de «nova esquerda» dos anos sesenta nas que se fala de partidos de novo tipo. Todo ese xogo de ideas que estóupa en maio do 68. Hai un libro extraordinario de Alvaro Cunhal, «O radicalismo pequeno-burgués de fachada socialista», un libro moi bo no que analiza esta posición de esquerda anti-partido. Pra min a forma de partido deseñada por Lenin é a única que pode levarnos á vitoria. Vietnam, Laos, Camboia, Mozambique, Angola son exemplo. O modelo leninista é perfectamente válido. Como foi en China e na Revolución de Outono.

—Tí sabes que ese modelo, o centralismo democrático, acaba sendo moito centralismo e nada democrático.

—O que pasa é que o modelo leninista non pode ser escamoteado ou cambiado por un modelo burocrático. O centralismo democrático require que non exista culto a persoalidade, que tódolos cargos sexan eleixidos pola base, que toda a autoridade estea no Congreso, en que a minoría se someta á maioría. Este é o centralismo democrático.

—Ese sería o funcionamento dun partido. Pro, ¿cómo quedaría esa sociedade galega post-revolucionaria?

—Aí iso xa é moito decir. Poido soñar con ela: soño cunha grande democracia popular, na que os barrios e as bisbarras e as vilas teñan os seus órganos de poder popular e que exista unha verdadeira democracia de abaixo a arriba. Esa sería a Galicia que iría camiñando cara ó socialismo.

—Poeta e político. Dous xeitos de compromiso. Algunha vez tes empregado pseudónimos, coma «Heriberto Bens». ¿Hai unha necesidade de disociar as dúas actividades?

—Pra min non se separa unha cousa e outra. Vai unido perfectamente. Nunca atopéi ningunha escisión na miña persoalidade. O que ocorre é que os momentos de máis actividade política coinciden con momentos en que a literatura queda en segundo plano, pra min é unha actividade vitalmente secundaria. Pro vaia, vai unido. O dos pseudónimos era con motivo de poemas que falaban de loita armada. Chovía sobre mollado, entendes. Non tiña ganas de complicarme a vida por parvadas.

—Ti tes algúns poemas nos que fas loubanza dun partido, de cousas que pra algúns son moi pouco poéticas...

—O que hai que ver é se son boas poesías ou malas. Se en realidade contra o que están é contra o meu partido, que o diga, claro. Podes facer poesía de todo, absolutamente de todo. Poetas reaccionarios coma Ezra Pound están ó lado de poetas revolucionarios e comunistas coma Paul Elouard. Non se pode facer do apoliticismo unha bandeira en literatura. En literatura pódese ser de todo menos dogmático.

—E hai unha forma moi sutil de dogmatismo que é nega-la función política da literatura, a función revolucionaria.

—En «Pólvora e Magnolias» hai un trasfondo de desacougo, de pesimismo. Versos coma «En Compostela estamos moitos xa para sempre derrotados»... ¿Cabe unha interpretación vital?, ¿acaso política?

—Simplemente vital. E unha tendencia á depresión... Non hai porque buscarlle as voltas.

—E esa depresión...

—Non, non vale a pena falar diso.

## Salvarse nos suburbios

—Hai outros versos teus que dan pé a longas conversas. Por exemplo, ¿qué queres dicir con ese dunha «Galicia urbana e industrial»?

—E o punto de vista nacionalista revolucionario o que está contido en todo ese verso. Quere decirse que o elemento historicamente dirixente de Galicia é a clase obreira. A clase obreira vive nos suburbios, vive na cidade. Eles van ser quen salven a Galicia ou a Galicia non a salva ninguén. O soñar unha Galicia agraria, unha Galicia campesiña, idílica, é o soño da xeneración. Nós, de Otero Pedrayo, non se poderá cumprir. A sociedade rural galega está en proceso de disolución. A Galicia do agro é unha Galicia coa cal hai que contar, naturalmente. Os labregos son a sustancia da patria, os que a mantiveron xeración tras xeración. Esa Galicia rural empeza a ser cuantitativamente menor, empeza a ser menos importante fronte ó protagonismo que van collendo as grandes cidades. E nos suburbios destas cidades, deste Vigo, deste Ferrol, é onde se vai salvar Galicia. Iso pode non ocorrer e se non ocorre non hai liberación galega.

—Nembargantes, a temática da poética galega contemporánea segue contemplando o agro cáseque exclusivamente...

«ESTIVEN INFLUIDO POR BEN BELLA»



—Non hai unha poesía que fale da máquina, dos arrabaldos... Isto responde á ideoloxía pequeno-burguesa patriótica que ven dende a Xeneración. Nós hastra os nosos días. Nesta ideoloxía, o elemento rector da vida galega pra eles é o labrego. Pro non calquera labrego: non o caseiro, non o asalariado do campo, senón o pequeno-proprietario, que é o gardador dos costumes, do folclore, etc. Agás Neira Vilas, que está sempre do lado dos labregos probes fronte dos labregos ricos, e establece a loita de clases no campo: é o criado fronte ó fillo de puta dun labrego rico, que tamén os hai. E a sensibilidade de Rosalía fronte ós labregos sen terra.

—Unhas cidades, un proletariado, no que teñen hexemonía os partidos de esquerda de dirección non galega. E o nacionalismo que parece predominar no agro. Coma unha muralla. Dúas Galicias...

—Perdoa. Os partidos obreiros de dirección española non teñen hexemonía dentro da clase obreira, tena só un deles: o PCE. Os outros non teñen influencia sobre a clase obreira. Hai que dicir que o esquema non é como tí o pós. A influencia do PC. é evidente. Nuns sitios máis ca noutros. Pro a presenza do nacionalismo dentro da clase obreira é non menos evidente. O fenómeno pra min máis importante dentro da clase obreira galega, a Organización Obreira, foi xa un fenómeno de nacionalismo nacido no proletariado. O de Galicia Socialista é outro feito que está ahí. Existe por vez primeira un sindicalismo galego. Hai unha presenza moi clara do comunismo de práctica galega. Está ahí e ten que medrar, porque esa é a aposta do futuro: a Galicia do futuro ten que ser unha Galicia urbana. Se perdemos este xogo non hai nada que facer.



IBAÑEZ, PINTADO POR GOYA

# SARGADELOS,



## UN CENTRO DE INVESTIGACION E INDUSTRIA NETAMENTE GALEGO

A PLANIFICACION INDUSTRIAL COMO TRADICION INAUGURADA FAI 200 ANOS POR ANTONIO RAIMUNDO IBAÑEZ NA SIDERURXIA E NA CERAMICA


### 7 RAZOS SOCIO-ECONOMICAS DO NOVO SARGADELOS

- 1 — TRANSFORMA MATERIAS PRIMAS DA MESMA BISBARRA...
- 2 — ...QUE MANUFACTURADAS ADEQUIREN 200 VECES MAIS VALOR QUE VENDENDOAS SOIO BENEFICIADAS.
- 3 — A MAN DE OBRA E NUN 100 % DA MESMA BISBARRA.
- 4 — UBICADA EN MONTE BAIXO NON ELIMINOU CULTIVOS APROVEITABLES, NIN TROUXO COMPLICACIOS ECOLOXICAS.
- 5 — A INVERSION POR POSTO DE TRABALLO FOI DE 300.000 PESETAS.
- 6 — O DESIÑO E A TECNICA QUE UTILIZA PERTENECE A INSTITUCIOS REIVINDICADORAS DA NOSA CULTURA DIFERENCIAL COMA SON

LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA 

SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS 

- 7 — AS POSIBILIDADES DA EVOLUCION DE SARGADELOS ATOPANSE APENAS NOS SEUS COMENZOS.



complexo de industria, investigación e formación que agroma en sargadelos

## EDICIOS DO CASTRO

SADA - A CORUÑA. Tifno. 62-02-00

- Libros — PROBLEMAS DA CULTURA GALEGA, en galego ou en galego/castelán.  
 — PROBLEMAS DE DESIÑO, COMUNICACION, ARTE E INDUSTRIA, en galego e en castelán.  
 — PROBLEMAS TECNICOS PARTICULARES DA CERAMICA, en castelán

- Cadernos — do LABORATORIO DE FORMAS DE GALICIA  
 — do SEMINARIO DE ESTUDIOS CERAMICOS  
 — do DEPARTAMENTO DE PREHISTORIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO

O tema do autonomismo aragonés foi tratado xa nalgunhas das informacións aparecidas nesta sección. E un plantexamento que aparece cada vez con máis forza, asumido máis colectivamente polas terras do Ebro. Con todo, a xornada autonomista celebrada recentemente contou cos problemas derivados do xogo das forzas políticas no escenario electoral.

XESUS BUENO LIDON comenta nesta crónica todo o que rodeou o acto celebrado en Caspe, vila polo demáis de importantes resoancias históricas.

## Aragón

# Todos autonomistas, pro algúns, menos

Este ano a convocatoria da xornada autonomista aragonesa non puido ser masiva, como o fora o ano pasado. O carácter rexionalista que puideran ter algunhas forzas democráticas (e entre elas o Partido Socialista Aragonés, integrado na Federación de Partidos Socialistas), podería poñerse en entredito.

Dende o pasado mes de xaneiro, unha comisión de xuristas das tres provincias aragonesas e dos principais partidos democráticos afincados na rexión, viñeron elaborando un anteproxecto de Estatuto de Autonomía, que estaba xa redactado, a excepción das «disposicións xerais», e que debería darse a coñecer ó pobo aragonés o pasado 15 de maio.

Por razóns diversas, a convocatoria da xornada autonomista houbo de ser trasladada ó día 22, sen que nin así, os problemas de fondo que provocaran o retraso quedaran solucionados.

Parece que os problemas que conleva actualmente o plantexamento autonomista non teñen unha solución inmediata, xa que as disparidades tácticas dos diversos partidos, cara á cuestión da autonomía non parecen ter solucións unitarias.

### PCE, PSOE NON PARTICIPARON

Prá xornada de Caspe, os principais partidos da esquerda, de obediencia estatal, non convocaron, non participaron dunha maneira visible. De feito o PSOE non pegara

(a víspera do 22) os cartéis que lle correspondían pra anuncia-la convocatoria e a ausencia do PCE foi manifesta na cidade do Baixo Aragón, pois nin siquera unha bandeira ou pancarta súa apareceu alí. Ademáis, ningún dos dous partidos cumprira outro dos acordos previos tomados pra esta celebración: a suspensión durante ese día dos mitins electorais.

Con todo, parece —e así se afirma nun dos artigos que sobor do tema aparece no último Andalan— que as reticencias dos partidos cara ese día, só deberon quedar afogados pola decisión de seguir adiante o Movemento Comunista de Aragón, partido que enchéu practicamente o «tren da autonomía» cos militantes e simpatizantes.

### O ESTATUTO COMO SOLUCION

Entrando no acto hai que salienta-la intervención que abriu a sesión da mañá, ó cargo do Presi-

dente de DEIBA (Asociación pra Defensa dos Intereses do Baixo Aragón), Florencio Repollés, home independente e autonomista, que se referiu dun xeito contundente á forte expoliación económica, cultural e humana que sofre a nosa rexión, dando como única vía de solución o Estatuto de Autonomía. Hai que sinalar tamén que a convocatoria oficial e o recibimento na vila de Caspe, facíao esta mesma asociación, que engalanara as rúas con bandeiras rexionais e cartéis de salutación, de maneira que o acto quedaba desprovisto de todo senso partidista en beneficio da unidade, de por si precaria dabondo.

Os demáis oradores referíronse ós diferentes apartados do Estatuto, dando a coñece-las disposicións que se contemplan respecto á recuperación e ó funcionamento das institucións aragonesas, ó equilibrio ecolóxico, ás nucleares (o Estatuto maniféstase abertamente en contra destas centrais), á igualdade da muller, á sanidade, á educación, á mocidade, etc.

A xornada, a pesares da estraña actitude dalgúns partidos de esquerda, non perdeu o seu carácter aberto e popular nin o seu senso autonomista, constituíndo en última instancia un triunfo pró pobo de Aragón.

### UNHA GRAN OCASION PERDIDA

Hai que falar, por último, da disparidade de plantexamentos en relación con este acto, como unha consecuencia directa da política electoral e rexional levada a cabo polos principais partidos de carácter aragonesista, o P.S.A. e o M.C.A., últimos partidos na nosa rexión que potenciaban fortemente a loita autonomista.

E foron eles e outros importantes sectores de independentes, os que en xaneiro, coa vista posta nas eleccións xerais, tomaron a iniciativa de crear un Bloque Electoral Autonomista, aberto á participación de tódalas forzas democráticas que sentiron realmente a reivindicación. O «Bloque», despóis de traballosas e difíciles negociacións, quedou roto cando, xa na liña de configuración da candidatura de unidade F.P.S.-P.S.P., o P.S.A. (despóis de que os seus máximos representantes se comprometeran públicamente nos mitins e na prensa a defende-lo Bloque) impoñía ó M.C.A. xa non o veto dos elementos máis destacados na candidatura, senón, e o que é moito máis grave, a condena á ilegalidade, á que o ten sometido o propio goberno de Suárez, ó prohibirle expresamente que, de apoiá-la candidatura, fixérao como partido públicamente. Todo iso, mentres o PSA pretendía que Joaquín Bozal, importante líder de CC.OO. de Aragón, militante do MCA, fora na súa candidatura como obreiro. Por último, isto orixinou unha carta aberta do MCA á Comisión Executiva do PSA, na que esta foi acusada de adoptar unha dirección política sucursalista, dar preferencia ós acordos de Madrid sobor dos de Aragón.

## Proceso a «Dos y Dos»

Cando pechábamos este número chegónos a noticia do procesamento do director e un colaborador da revista do País Valenciá, «Dos y Dos», voceiro bilingüe do que sucede ou non sucede polas terras levantinas. Efectivamente, Ernest Nabas Orenge e o colaborador Domenec Valls, foron procesados pola publicación dun artigo titulado «El franquismo y los funcionarios públicos en los Países Catalanes». Xa se imaxinan, inxurias e todo eso. O asombroso ven cando un se entera de que o texto non foi difundido porque a autoridade botou man do secuestro, obrigando a vende-lo número sin a páxina de marras. Non pasara nada, pro xa ven. O caso de «Dos y Dos» non ven senon confirmar que dun tempo a esta parte, a maquinaria administrativa esa despáchase a gusto coas publicacións das nacionalidades. ¿Hastra cándoo?



## Ultimátum e suspense

Vintecatro horas antes de que se abrisen as urnas das primeiras eleccións xeráís despóis de, case nada, 41 anos e 4 meses, coa segunda fase da «operación ariete» en marcha —o exército vixiante nos puntos clave pra evitar calquera anomalía— chegaba a noticia do ultimátum de ETA. O industrial Ybarra, en poder da organización vasca, podía ser fusilado a partires das doce da noite do día 15.

O ultimátum dibuxaba un círculo de suspense no panorama político e abría non poucos interrogantes ó final dun proceso marcado, excepcións aparte, pola moderación e a tranquilidade, en liñas xeráís.

Calquera que sexa o desenlace que, en calquera caso xa non pode ser material informativo pra este número de TEIMA, este feito aparece como un indicador de algo que pode marca-lo proceso que se abra despóis das eleccións calquera que sexa o resultado destas. A loita continuada polas organizacións de extrema esquerda, as loitas nas nacións que compoñen o Estado, novos plantexamentos reivindicativos, aprazados unha e outra vez...

Plantexamentos que chocarán de seguro con apelacións calma e á responsabilidade.

O Goberno que aparece despóis das eleccións vai necesitar doses moi fortes de realismo político e imaxinación a un tempo. Agora mesmo non hai seguridade de que vaia suceder así. Por iso preocupan máis ultimátums coma o lanzado por ETA.

## As augas pasáronse en Euskadi



Danos incalculabeis, situación catastrófica, traxedia —xa se rexistraron dous mortos— foron termos empregados polos medios informativos pra defini-lo estado de Vizcaia e Guipúzcoa completamente anegadas despóis dos centos de litros de auga por metro cadrado caídos entre o 12 e o 13 de xuño. Estradas

cortadas, localidades illadas, lanchas provistas de motor polas rúas —a corrente dominaba as embarcacións de remo— foron imaxes recollidas decote polos obxectivos dos reporteros gráficos. Houbo zonas onde a auga logrou alturas equivalentes ós primeiros pisos dos edificios.

Vizcaia foi con diferenza a provincia máis afectada, ó coincidi-la riada coa mar chea. A fotografía que publicamos pode dar boa idea do que sufríu o País Vasco, poucas horas antes das eleccións xeráís. Hai que falar ademáis da paralización da vida dos grandes centros comerciais e industriais e dos problemas nos suministros de enerxía eléctrica, instalacións telefónicas, vías do ferrocarril e nas estradas e autopistas, polos desprendementos de terras ou as árbores arrancadas polo temporal.

Todo este marco supón nunha primeira avaliación —hai que ter en conta o que aínda non puído ser debidamente valorado— perdas por valor de varios miles de millóns de pesetas.

Tamén resultaría afectada en menor proporción a provincia de Santander. Os danos causados e os altísimos gastos necesarios pra facer fronte á situación, nas próximas semanas ben puideran facer que se solicitase do Goberno por parte das autoridades vascas a declaración de «zona catastrófica».

Ser xornalista é corre-lo risco de despertar calquera mañá e atoparse na lista dos parados. Polo menos, isto pasoulle ós colegas que traballan no semanario «Gadiana». ROGELIO MARTINEZ dende Madrid explica os acontecementos e as presións políticas que os propiciaron.

## Guadiana

### Unha derrota, polo de agora, prá U.C.D.

O recente conflito de «Guadiana» parece que foi propiciado pola Unión de Centro Democrático (UCD). A familia Camuñas é a propietaria da publicación e, ó mesmo tempo, ten cabezas pensantes, sen nada de corpo, no Partido Democrático Popular, grupo minoritario encadrado en UCD.

Dos Camuñas, don Ignacio tivo que negocia-la súa participación nas listas por Madrid da U.C.D. E como os outros partidos liberáís tiñan unha certa implantación real, Nacho Camuñas, ó non ter hostes, tan só podía usa-la lanza —e esta

era a «súa» revista— ofrecéndoa como trampolín prá U.C.D.

A revista coa última estruturação aumentou notábelmente a venda, mantendo unha liña aberta e crítica non só pra con Alianza Popular, senón tamén prá Reforma Suárez.

Os despedidos dos nove traballadores de «Guadiana» débéronse a causas «ideolóxicas» e empezaron pola redacción e non polo director, coma marca a lei nestes casos. A xogada era dobre. Pretendíase que o director, Ignacio Fontes, se solidarizara cos despedidos, de manei-

ra que non houbera que pagarlle unha forte suma de indemnización.

## AS RAZONS DAS READMISIONS

Pro, ó día seguinte das expulsións, os nove foron readmitidos. E vale a pena coñece-las razóns. Ocurríu que Felipe González se fixo cargo da defensa. Pretendíase montar, co asesoramento de abogados doutros partidos, un proceso político contra U.C.D.

Contóu tamén a solidariedade mostrada por partidos políticos legais e ilegais —hai que facer uso aínda desa terminoloxía— e a das centrais sindicais. Chegóu incluso a vislumbrarse unha folga da prensa madrileña.

E un punto importante ó final. Aínda que U.C.D. sufríu un traspés, non se pode cantar vitoria, pois ten por diante moitas oportunidades pra gozar dun amplo control da industria da comunicación. Non está lonxe a próxima oportunidade. Refírome á cadea do que aínda é «Movimiento», que vai ser reestructurada.

# escolma do bo xantar



A Cruña

Lugo

## VILAS

Rosalía Castro, 88  
Tfs: 59 21 70 - 59 10 00



**congresos  
convencions**

anexo **VILAS**

Avda. de Vilagarcía, 21

Tfs: 59 83 87

Santiago

Cruz, 4


Tfs: 21 40 45 - 21 45 21



## *B ALBERTO*

### MARISQUEIRIA RESTAURANTE

locales reservados pra  
convencións, congresos,  
xuntanzas de negocios...




Ourense

Pontevedra




## RESTAURANTE Sanmiguel



restaurante

## CALIXTO



San Miguel 12 e 14  
Tfnos: 22 00 02 - 22 12 45

Benito Corbal, 14  
Tfno: 85 12 08

## Homenaxe a Castelao

# Nomes prá comisión

Continúa aberta a votación  
hastra o trinta de xuño. A día oito,  
as votacións pra elixir comisión  
organizadora daban o seguinte re-  
sultado:

Celso Emilio Ferreiro .....	89	Valentín Paz Andrade, Alvaro Cunqueiro ..	15	Risco, Ramón de Valenzuela .....	4
Xesús Alonso Montero .....	74	Xesús Vega Buxán, Carmen Santos Castrovie-	13	Xosé Filgueira Valverde, Alvaro Xil, Pedro Arias	
Xosé Manuel Beiras .....	72	jo .....	13	Veira, Ramón Valcarce, José María Castroviejo,	
Ramón Piñeiro .....	58	Luis Soto, M. <sup>a</sup> Xosé Queizán, Laxeiro ....	12	Xesús Docampo Mosquera, Antonio Tovar, Ri-	
Xosé Luis Méndez Ferrín .....	57	X. Vilas Nogueira, Xaime Illa Couto .....	9	cardo Tores Pais, a irmá de Castelao ....	3
Carlos Casares .....	41	Santiago Alvarez, Elvira Souto .....	8	Alfonso Alvarez Gándara, Carlos Otero Díaz,	
Eduardo Blanco Amor .....	39	Siro López Lorenzo, Uxio Novoneira, Ramón	7	Camilo Xosé Cela, Bibiano Moron, Carlos Velo,	
Manuel María Fernández Teixeiro .....	28	López-Suevos .....	7	Xavier Costa Clavel, Xerardo Moscoso, Inmacu-	
Xosé Neira Vilas .....	25	Francisco Pillado, Antonio Quesada, Xosé-	6	lada Tesouro, Salvador García Bodaño ...	2
Francisco Rodríguez .....	22	Martiño Montero Santalla, Sixto Seco ...	6		
Domingo García-Sabell .....	21	Isaac Díaz-Pardo, M. <sup>a</sup> Elena Gago .....	5		
Ricardo Carballo Calero .....	20	Margarita Ledo; Xaquín Marín, Manuel Peña			
Luis Seoane .....	16	Rei; Arturo Reguera López, Sebastián Martínez-			

A lista dos que teñen un só voto acada xa os  
vintenove nomes.

## Unha homenaxe a Castelao

TEIMA trata de servir de canle prá  
organización dunha homenaxe a Caste-  
lao no 27 cabodano do seu pasamento.  
Téntase que sexan os propios lectores  
—e non lectores— quen elixan unha co-  
misión organizadora composta por cinco  
membros e decidan, aportando suxeren-  
cias, o xeito de homenaxe que coiden  
máis efectivo. Durante un prazo de dous  
meses, TEIMA publicará semanalmente  
boletíns de voto coma o que se adxunta.  
Utilíceo, se fai favor.

### COMISION ORGANIZADORA DO HOMENAXE A CASTELAO

Desexaría que estivera formada polos seguintes señores:

- 1 \_\_\_\_\_
- 2 \_\_\_\_\_
- 3 \_\_\_\_\_
- 4 \_\_\_\_\_
- 5 \_\_\_\_\_

### XEITO DE HOMENAXE

Entendo que o millor xeito de homenaxear a Castelao é:

- Erguerlle un moimento  
 Outros (especificar)

NOME: \_\_\_\_\_


DIRECCION: \_\_\_\_\_





LIBERDADE!!



AAAAA!!!



**LINHA FRONTE DE SANGUE  
SEMENTOU A GUERRILLA...**



CATAMARCA

## Modelos 77

### Despóis das eleccións



Novo modelo, especialmente fabricado pra usar despóis dos comicios do quince de xuño pasado, coa sorte innovadora dun cinturón axustado precisamente coma portaespráis. Hastra dez espráis de tódalas cores poden ser adosados ó cinturón coas aparentes facilidades que proporciona o sistema pra botar a correr, logo da pintada, e cando o policía de turno decida finalmente, de novo e pra continuar así coa práctica dunha longa tradición, rachar coa súa leria na testa do pintor.

## Posíbelmente:

### Fragachet a Viena

Romántico estaba hai uns días don Manuel Fragachet, ex-ministro de Montejurra e Vitoria (perdón, de Gobernación): «Os agradezco mucho vuestra devoción y vuestro recuerdo y pido a Dios el encontrarme pronto de nuevo entre vosotros, bien en lo alto de las montañas o en lo alto de vuestros valles». Recibía naquel intre o caxato correspondente ó título de *Pastor Maior da Serrados Ancares*. Xa tamaño pau nas mans de Fragachet, algún temeroso e precavido home houbo que decidiu por fuxir. Non había pra menos: don Manuel tiña coma lume nos ollos mirando pró ceo cando decla: «Nosotros, en España, hasta no hace mucho hemos tenido también un gran pastor. Ahora se nos ha ido y por eso somos nosotros los que tenemos que ocuparnos de nosotros mismos». En medio do trance, un cativo e esvaldo fume ía conformando no teito da habitación a imaxe do *Caudillo*. Finalmente, a Deus gracias, a metamorfose non chegaba a ter lugar: Fragachet seguía sendo Fragachet e Franco, atado e ben atado, ficaba nas alturas. Todo quedaba, felizmente, na homenaxe namentres —á mesma hora, nas europas— o axuntamento de Viena sacaba a concurso un novo posto prós austríacos: por desgracia, entre os vieneses non aparecía o idóneo *Pastor Maior das Ovellas do Val de Kahlenberg*. Os opositores ó cargo non amosaban outra capacidade cá de ser grandes amantes dos animais e buscábase, en troques, un pastor cun verdadeiro «curriculum vitae» e can ovelleiro que o secunde. O burgomestre vienes non sabía, daquela, que lonxe de Austria, a moitos kilómetros, na nosa terra dos Ancares, atopábase un home ideal. A suxerencia, pois, queda no aire. Se Fragachet aceptara, ¿quén ía se-lo can ovelleiro?

## No Retiro:

### «Libre, señora»

O crego rematara de benzoa-lo monumental cruceiro e o xeneral *Lobo Montero*, presidente do *Centro Gallego de Madrid*, escomezaba o seu discurso na lingua do imperio. Minutos antes saudáranse efusivamente as autoridades madrileñas e galegas que asistían ó acto de inauguración da *Plaza de Galicia no Parque del Retiro*. Pro, de súpeto, algo non previsto no programa oficial: perto de medio cento dos asistentes escomezaron a berrar «Galicia ceibe sen emigración» ó tempo que ergulían pancartas e bandeiras galegas. Pancartas onde se pedían «postos de traballo na Terra», «escolas técnicas pra Galicia», «poder popular»... Todas elas coa firma da *Asamblea Popular Galega*. Os ben traxeados directivos do *Centro Gallego* puxéronse-llos ollos coma potas e, pasado un intre de sorpresa no que os contestaríos berraron ó seu xeito, respostaron con alcumes e frases tais coma «hijos de la Pasionaria, estáis pagados por el oro de Moscú», «separatistas, rojos»... *Lobo Montero* tentaba proseguí-la súa disertación suliñando a «inalterable unidad de la patria», namentres algúns asistentes con hábito proletario, os menos, aplaudían as reivindicacións do grupo de estudantes e traballadores que interrompíu o acto. Retirábanse xa os manifestantes, non sen antes repartir un comunicado contra a emigración e criticando a actuación global do Centro «que potencia o conformismo dos emigrantes», cando os homes da garabata, alporizados, tentaron pasar das verbas ós paus. «Sí, claro que sou fascista» decía un deles. Os gardas municipais non tomaron partido esta vez e interpuxéronse recomendando moderación ós señores. «Fóra caciques», «menos Centro, máis Galego», eran algúns dos insólitos berros que soaron arredor das oito do serán do venres, día 3, no Retiro. Unha muller dirixíase sorprendida ós contestatarios galegos no corazón da metrópole. «¿Y eso de «ceibe»? «Libre, señora, significa libre».



## CAITANO Por XAQUIN MARIN



¿E LOGO NON VICHE QUE IBA CHOVER?



EU FIOME DOS PROXIMOS TICOS QUE DAN NO "PAMORAMA DE GALICIA", PERÓ COMO OS DÍX EN CASTELÁN NUNCA ENTENDO NADA





## FERNANDO REY, galego premiado en CANNES

### «Que o cine galego conte comigo»

Coa película «Elisa, vida mía», Carlos Saura non conseguiu o premio que o seu equipo agardaba e tamén a crítica especializada desprazada a Cannes, macrofestival cinematográfico e catapulta de lanzamento de films. Pro sí recibiu un premio pola súa interpretación o actor Fernando Rey, coñecido polo público e pola crítica de todo o mundo. Fernando é da Coruña. Considérase un galego emigrado. Por iso, en canto «TEIMA» lle preguntou se estaría disposto a falar pra ela, alegróuse ben. Segue a revista, segundo as súas palabras. Naquel momento tiña ás cámaras da televisión na súa casa. E quedamos pra máis tarde. LUIS POUSA, que xa conectara con el noutra ocasión pra que participase nas «Xornadas do cine en Ourense», cousa que a última hora non puido ser contra o seu desexo, mantivo esta conversa.



— Pra min é unha satisfacción. Porque «Elisa, vida mía» é unha película de equipo, difícil e moi elaborada. Por iso mesmo o premio penso que é pra todos. Ademais, o festival de Cannes nunca soe repetir premios. Seino porque eu fun xurado hai dous anos. E como o ano pasado lle deron o premio de interpretación a José Luis Gómez, sempre esperéi que a película levaría un premio pró conxunto do equipo.

— ¿Siguese vendo o cine español con complexos?

— Por ahí fóra aínda se segue vendo a un Saura, a un Patino..., pro non tal ou cal película española. Nembargantes, son optimista, máis que antes. Pronto cambiará a situación. Estóu seguro.

— ¿Qué conleva prá explicación da sociedade española o papel que representas na película de Carlos Saura?

— Trátase dunha película introvertida, moi íntima. Por iso é moi difícil de definir. En definitiva, Saura configúrase como un exiliado dentro da súa propia patria. O meu personaxe ven ser un pouco esa reflexión que pode ter por base sociopolítica calquera país, pro que neste momento ten que ser necesariamente España.

— ¿Hai diferencias entre Buñuel e Saura na dirección de actores coma ti?

— Moita. A xente fala de Saura como discípulo, pro eu entendo que

son moi diferentes e polo tanto non se poderían comparar. Teñen un concepto distinto da cámara, da dirección de actores... Se me dixeras que alá non fondo teñen preocupacións especiais españolas enraizadas no pasado inmediato, pois entón sí.

— Neste contesto sociopolítico de transición que vivimos ¿facer cine supón algo especial pra ti?

— Non sei hastra qué punto pode significar algo especial pra min. Falar este tema sería todo un ensaio. Penso que hai unha pausa lóxica. Despois das eleccións, agora mesmo, quizaves se clarifiquen un pouco máis as cousas. Suporto que agora aquelas obrigacións que tiña o cine español en xeral e os actores e directores en particular de facer unhas cousas e outras telas vedadas. Endiante todo se reducirá a actitudes de conciencia artística. De momento o cine español vive a mesma transición do Estado.

— Aparte da autocensura, da señora censura e todas esas cousas de tixeiras que sempre se puxeron como causa ¿qué lle falta ó cine español?

— Cartos. Como en España os negocios sempre revertiron un douscentos por cento de beneficios, o diñeiro non ía pró cine que é un produto caro. Cómprelle unha canle de distribución no extranxeiro. Isto en canto se asente.

— ¿Sabes que están comenzan-

do a rodar os chamados cines nacionais?

— Si, claro.

— Como galego que es, ¿qué opinión, qué esperanzas e qué par-

ticipación podes ter no desenrolo do cine galego?

— Desgraciadamente o meu galego váiseme case esquecendo. O cine nunca lle prestou atención a



## Unha semana de prensa «en» galego

Charo Alvarez-Francisco Fernández Rei



Galicia, cando en realidade é un pobo con grandes posibilidades cinematográficas, pola súa xente, a súa cultura, os seus símbolos, as súas tradicións e a súa vida actual. Pro non teño moi claro este terreo do cine concretado en Galicia. O cine, xa o dixen antes, é un produto moi caro, e resultará aínda máis cando se concreta nun territorio máis pequeno que o que por exemplo sempre tivo o cine a nivel de Estado. De tódalas maneiras, a solución parece que viría polos pequenos formatos. O das dobres versións tamén é unha solución, pro tamén conlevan a perda da identidade dunha película.

— Carlos Velo, galego e cineasta recoñecido internacionalmente está certo de que é posíbel...

— Coñezo a Carlos Velo, do que son moi amigo. Sempre que vou a México, paso a velo. Recordo que participéi nunha emisión de radio que tiña aló. Precisamente el é mestre do documental. Non sei se o cine galego debería camiñar primeiramente polo gran documental.

— ¿E cáil sería a túa aportación?

— Sería total, sempre que puidera facer algo porque este cine xurdira. Que o cine galego conte comigo.

Fernando Rey rematou a súa última película hai algúns días en Suíza. De novo, dirixido por Luis Buñuel. A película titúlase «O escuro obxecto do desexo», baseada nunha novela de Pierre de Louis que se chama «A muller e o pelele». Quizaves o seu lanzamento internacional viñera da man do director aragonés. Logo faría un papel en «The french connection».

— Como Luis non nos deixa ve-la proxección, pois non che sei decal foi o resultado. Non vin nada dela. Pro trátase dunha obra buñueliana moi distinta das demais que teñen a súa firma. Abonda no tema do amor, pura e simplemente. Claro que sempre metida a historia nun entramado terrorista, de morte, que sempre arrodea ó seu cine.

Foi unha aproximación a un actor, galego e cineasta dos poucos que se recoñecen con categoría entre os españois polos escenarios internacionais. A súa serenidade expresiva e a súa linguaxe corporal, depurado sempre que o guión e a posta en escena o esixen, son dúas das características que son tidas en conta por directores de sona internacional pra levalo ós seus reparatos. O cine galego conta con el.

Nun momento en que o tema candente segue a se-la normalización da lingua, compre unha ollada realista ó que temos arredor. Non imos botar pedras enriba do noso tellado, naturalmente: fai falla poñermonos a andar todos polo camiño da normalización, pro o que aínda temos que percorrer é longo e difícil. Coidamos que hastra a aneaiada oficialidade ou cooficialidade, segundo a postura política de cadaquén, hai algo máis ca unha carreiriña dun can.

¿Qué imos esperar de ninguén, e menos de ninguén de fóra, alleo ós nosos problemas, cando os mesmos de dentro seguen a ter situada unha lingua por riba da outra? E non fai falla decal está por baixo.

Nunha ollada ós diarios galegos dunha semana vese claramente que a lingua deste medio de comunicación non é a do 80-85 %, que, segundo as últimas encuestas de socioloxía, sómolo que falamos na lingua do pobo. E a maior parte do escrito en galego son comunicados de partidos, notas ou cartas de protesta ou adhesión de asociacións culturais, de amas de casa ou de veciños, etc.; logo, programas de actos a celebrar e reseñas dalgúns celebrados, de cando en vez unha entrevista, crónicas de corresponsais desde as vilas, algún artigo-colaboración nos días soltos, que aumentán ós domingos, con preferencia a temas literarios ou «enxebres». Pro o deporte, a política nacional e internacional, cáseque tódalas esquelas e anuncios, etc., ou sexa practicamente todo o periódico, está na lingua que en Galicia fala o 15-20 % restante; é como se perdera interés ou calidade o periódico ó non aparecer nunha «lingua

como é debido». Con todo, hai que decir que a pesares da escasez, a prensa galega e a avanzadilla neste senso dentro do Estado Español.

### A «VOZ», A QUE MAIS

Algo disto pásalle á Voz, con diferencia a que máis liñas publica en galego. Pro unha grande parte destas liñas fanse a base dos comunicados e notas das que falabamos antes, dos que recibe a moreas e que publica tal cal. Hai que salientar que a delegación de Santiago é a única que emprega sempre o galego. Séguelle en frecuencia o Ideal que por certo, é o que máis artigos colaboración publica nos días soltos. Pro, a crónica da Galicia política da revista semanal, ¿por qué non aparece xa en galego dunha vez?

Despóis destes dous diarios, quizaves sexa a Región a que máis liñas ten, pro sen moita diferencia con algúns que lle seguen. Notas, comunicados e apenas ten artigos-colaboración. No Progreso hai artigos, pro están tirados de cousas en galego xa publicadas. O Diario de Pontevedra, entre o pouquiño en galego, ten noustante dous artigos sobre política actual. No Pueblo hai algún artigo, a máis doutras cousas, e o que é máis interesante, corresponsais de vila coas súas crónicas totalmente na lingua do pobo, o mesmo que nalgúns da Voz.

No Ferrol Diario, Amáis da pastoral do bispo, programas e reseñas de actos. Na Hoja da Coruña non hai máis có encabezamento dunha foto, e na de Vigo, un único artigo.

E que non se lles ocorra buscar nada en sitio preferente. Esa abundancia de

comunicados que fan medra-lo número de liñas escritas en galego, andan sempre polos currunchos, ou perdidas entre os anuncios das páxinas. Só o Ideal tivo a feliz idea de saca-la pastoral do bispo de Mondoñedo-Ferrol na primeira plana, así, onde a vira todo o mundo, e na lingua orixinaria, exposta á «vergonza» pública.

### «FARO»: TRADUCESE

E iso cando non se traduce o que lles mandan en galego, como pasou coa pastoral de Monseñor Araújo, que tódolos periódicos publicaron tal cal menos os pontevedres, que se permitiron a liberdade de sacar só anacos traducidos a la lengua del imperio. E isto aparte de que no Faro de Vigo ningún corresponsal escriba en galego e de que, ás veces, notas de partidos que saen na nosa lingua en todas partes, alí hai anacos en estilo indirecto e traducidas ó castelán, e ás veces, con dúas ou tres liñas en galego; e logo, a entrevista cun coñecido filósofo e político galeguista, —non nos cabe na cabeza que un home tan galeguista lla fixera en castelán—, aparece publicada nesa lingua; non sabemos cómo foron as cousas, pro dende logo xa non sería a primeira vez que nas noites do Faro andou un trasno traducindo as entrevistas feitas en galego. ¿Significativo, non? Neste periódico vigués, aparte dunha folla de artes e letras do domingo, dun anaquíño dun artigo xa publicado hai tempo na Voz e dun artigo sobre os días da semana, non ven practicamente nada na lingua do pobo galego.

### «CORREO»: «DIGLOSIA»

E xa que falabamos de entrevistas, no Correo hai un gusto especial pola «diglosia» no asunto. A narración e a ambientación van en castelán, pro no diálogo aparece a lingua vernácula, como lle chama o periodista.

Preferimos non entrar nas causas nin xustificacións do que estamos a expor. E un feito e ahí está. Só queremos, como membros dese 80-85 % de galego-falantes pedir que falen claro, señores da prensa, ou sexa na lingua do pobo a quen se dirixen cada día. E maiormente cando, estamos seguros, a maior de vostedes tamén caen dentro dese tanto por cento.

NOTA.— Este artigo básase somentes no material recolleito no Ferrol Diario, El Ideal Gallego, La Voz de Galicia (4.ª ed.), El Correo Gallego, El Progreso, Diario de Pontevedra, Faro de Vigo e El Pueblo Gallego dos días 1, 3, 4, 5, 6, 7 do mes de maio de 1977; en La Región dos días 1, 3, 11, 12, 13, 14 (a última hora non poidemos consultada dos días 4, 5, 6, 7); e na Hoja del lunes da Coruña e de Vigo, do día 2, tamén dese mes.

## ENRIQUE G. MACIAS:

# Ser compositor en Galicia

Dazaioito anos e unha chea de ilusións, personaxe dunha figura semellante a Mahler, sempre cun feixe de partituras embaixo do brazo. Sempre con centos de ideas, propostas, sacando de axenda pra que non quede nada esquencido. Tamén cunha aceda experiencia de ideas arquivadas ou mortas: «Asociación Galega da Música», «Encuentro de artistas jóvenes», «Letrinae Musica»... Ser compositor, non é cousa moi doada en España, pro moito menos en Galicia.

—Pra algúns madrileños, somos uns «probiños», non estamos en Madrid porque non somos bos. Tamén somos vítimas do centralismo. Estamos illados, non hai antecesores, non hai escola, non formamos unha xeración... Groba, Bal y Gay, Soutelo e máis eu, e os que vaian aparecer. A composición, non ten unha saída real e veste frustrado, ti estás convencido do que fas, pro non che fan caso, din que fas «chorradas», en fin que eres un ser aborrecido... e isto é peor se, por enriba, eres novo. Ninguén che fai caso. E lamentábel que non se fagan encargos, sexa por Fundacións, sexa polas Caixas de Aforros. Macías, leva o seu webernianismo até a conversa, as súas respostas concisas non dan lugar a equívocos. Lembro a primeira obra que lle coñecín, «Espacios sonoros» pra gong e dous pratos suspendidos. Logo, outra obra con máis materiais, estrenada no Castro de Vigo, o aire libre, arrodoados dos paseantes do solpor, «Concerto pra dous percusionistas».

—Gústame traballar coa percusión, plantexa unha cor permanente, unha dor, unha anguria... Na percusión, tento centra-la expresión comunicativa dun soio individuo. Doutra banda, expresa tamén a violencia, unha violencia que todos estamos a sufrir, e dende logo a nosa terra. Por exemplo, en «Irregularidades en un Contexto», plantexo contraposicións sonoras, mostro un desnivel que fai intuír unha desproporción, un aquel que non debe de estar ahí, pro está.

A obra de que fala, composta pra Orquesta da Cruña, supoño será estrenada moi cedo, cicáis tamén vexa a luz

discográfica, nun L.P. que Columbia pensa adicar á Música Galega Sinfónica. Abondando no tema da violencia, fállame doutro proxecto de estreno.

—A Orquesta de Cámara de Vigo, dirixida por David Feldman, presentará a miña «MUSICA II, AS VICTIMAS DA VIOLENCIA». E un pouco voltar á súa predecesora, inda sen estrenar. A Orquesta de Vigo, está a facer un importante labor de difusión da nosa música, vai presentar por exemplo a obra camerística de Andrés Gaos.

—Vaime explicala súa obra e isto lévanos a un tema fundamental, o da linguaxe, o das raíces galegas da súa música.

—Penso que utilizo medios galegos, pro dende logo non son un folklorista, estóu á búsqueda dunha linguaxe nova. Tento traballar en música concreta con elementos do entorno, coa fonética galega. Nunha «CANTATA» penso utilizarlo elemento lingüístico galego na parte duns recitadores, que berran entre unha masa orquestral que os afoga. Non estóu fóra dunha problemática, por exemplo, a da violencia. A miña preocupación fundamental, é o resultado sonoro. Máis có mesmo proceso creativo, penso que este é conducente a un resultado, pro non é o fundamental, non son un Xenakis, parto dunha idea que combino cun estilo e deste proceso, vai nace-la obra. As veces, o proceso xa é comunicante «per se», coma no caso das «Irregularidades».

A mención da música concreta, lévanos a falar de «TIEMPO MUERTO». Tamén do proxecto da creación do Laboratorio Electroacústico de Galicia, no Conservatorio da Cruña.



Xoán M. Carreira

Alonso (Sara, guitarra, e Xesús, violín). En Ourense, o director do Conservatorio, Tomás Camacho, guitarrista, alumno de Leo Brouwer, leva nos seus programas música contemporánea e moi pronto, levará música galega.

Antonio Mallo, tamén guitarrista e investigador profundísimo deste instrumento, estrenou non hai moito, unha obra de Macías, «GRAFICOS I, II, III».

—Mensualmente, temos na casa de Antonio Mallo unha xuntanza, fundamentalmente de guitarristas. Allí, fállase, fáise música de cámara... temén se intenta potencia-la música guitarrística galega. Por exemplo, a transcripción dos «Aires gallegos» de Gaos, significaría poder dar a coñecer este compositor en medios ós que non pode chegar un piano. E unha tarefa que me gustaría facer, este tipo de transcripcións.

Vou enchendo folios coas cousas, que, pouco a pouco, vai comentando. Queda no tinteiro o falar do seu labor crítico en «La Voz de Galicia», das súas conferencias, (Introducción a la música social); «Música y Franquismo». Quero, nembargantes, recoller algunhas verbas encol da problemática política e a composición.

—A «Comisaría Nacional de la Música», é o típico organismo centralista, que desvirtúa todo. Non conta pra nada cos interesados. E fundamental que sexámo-los músicos os xestores da vida musical. Por isto, entréi na «Asociación de Compositores Sinfónicos» de España.

—O músico, é un testigo da súa época, ha falar dos problemas. Parece-me lóxica a militancia política dun compositor, o que non me parece tan correcto é o panfleto. Penso que a única música que lles interesa ós partidos é a propagandística, e esta carece de todo valor artístico.

## ALGUNHAS DAS OBRAS DE MACIAS

TRES PEZAS PRA CUARTETO DE CORDA  
MUSICA I AS VICTIMAS DA VIOLENCIA (Pra orquesta de corda)  
MUSICA II AS VICTIMAS DA VIOLENCIA (Pra orquesta de corda)  
ESPACIOS SONOROS (Percusión)  
CONCERTO PRA DOUS PERCUSIONISTAS  
LIBRO PRA DOUS (Un piano e dous executantes)  
CONJETURAS (Grupo de Cámara)  
IRREGULARIDADES NUN CONTEXTO (Gran Orquesta)  
TEMPO MORTO (Cinta Magnética)  
GRAFICOS I, II e III (Guitarra)

—Creo nestes medios, quero facer electro-acústica, é un xeito de salr do anquilosamento, de emanciparse dunha serie de organismos que te oprimen. O proxecto de Roxello Groba, é importantísimo, fundamental. Pola miña beira, tento facer unha mistura de música concreta e xenerada, moi ceibe das ataduras matemáticas. Penso que nun país no que non tes intérpretes, a electro-acústica é unha saída.

Hai algún tempo, Macías fundara con rapaces do Conservatorio Vigués un grupo adicado á interpretación de música contemporánea, especialmente gráfica, aleatoria e, dende logo, á galega. Guitarra, violín, frauta, voz feminina, voz masculina, e percusión. O grupo, está agora parado por moitas razóns.

—En Vigo, hai moi boa xente que se interesa xa dende o Conservatorio pola nova música, pódoche cita-los irmáns



## O remuíño

por XAVIER MARIÑO

¿Qué pasa co disco de XERARDO MOSCOSO, disco que hai meses grabou o cantante galego nos estudos «Emi» de Barcelona, pouco denantes de se marchar a México onde vive actualmente? ARMANDO GUERRA tenlle feita xa a portada e hai unha chea de tempo que a casa discográfica di que está a piques de saír. Logo falóuse de folgas no sector, de que non había pasta pra fabrica-lo produto, etc. O certo é que hai dúas cancións con problemas, segundo o mesmo cantante explica nunha carta que manda á redacción da nosa revista. ¿Cándo terémo-lo disco na rúa? ¿Cándo teremos a Xerardo connosco, eiquí, no país, que é o seu?

Se cadra, cando estas liñas estean na rúa o lector terá xa nas mans o último (e primeiro) disco de EMILIO CAO, home vencellado no seu día ó «Movemento Popular da Canción Galega», traballador das raíces folclóricas e inspirado no traballo (no xeito de traballo máis ca nos resultados) de homes como ALAN STIVEL. O músico bretón, precisamente, é autor dun pequeno texto no álbum de Emilio Cao no que saúda ó cantante galego coma unha mostra máis da vea común da música das culturas atlánticas. A gaita, a arpa celta, a zanfona... son os instrumentos fundamentais que utiliza o Cao no seu traballo. Hai pouco escoitá-bamos un adianto do mesmo e é realmente brillante.

Tamén falá-bamos hai pouco da posibilidade dunha segunda época da revista «Vieiros», revista que saíu na emigración, na década dos 60, e que agora queren volver a sacar eiquí, xa no país, legalmente. Non é a única. En Vigo andan a cocer un quincenario (iso din, polo menos), bilingüe, informativo, baseado principalmente en reportaxes, que tería 15 millóns de pesetas de presuposto mínimo e tentaría de abranguer todo o país galego. Os accionistas, asegúnanos as nosas noticias, írfan dende posicións máis ou menos de centro, achegadas ó PGI (aunque non oficialmente), hastra posicións máis ou menos na órbita do PCG. Todo máis ou menos. E polo de agora non hai nada feito. Pode pasar coma con outras moitas cousas das que moito se falou e non saíron.

Pódelle pasa-lo mesmo, por exemplo, á FEIRA DO LIBRO de Vigo, que se celebrará, se as cousas non se torcen, do 28 de xuleo ó 9 de agosto, nesa cidade galega. Os libreiros vigueses puxeron condicións ó Instituto Nacional do Libro: 35 casetas nada máis (e chegan abondo), non ó mercado negro do libro, preferencia prós libros e editoriais galegas. Logo, na organización, adicaríanlle este ano unha especial atención os espectáculos: tódolos días, no recinto da feira, habería actuación de cantantes, grupos folclóricos, grupos de teatro, etc, que lle darían unha nova dimensión a eses días. As cousas aínda están un pouco no tellado. Xa falaremos pra aquela.

## LIBROS

**L. Alonso Alvarez: *Industrialización y conflictos sociales en la Galicia del Antiguo Régimen. 1750-1830.*** Akal Editor. Col. Arealonga. Madrid. 1976. páxs. 239. Prólogo de J. García-Lombardero. *Historia.*

Actualmente preocupan moito as etapas históricas caracterizadas por ser un período de transición ou de descomposición de vellos modos de produción e o seu recambio por outros cualitativamente diferentes. Polo regular, son etapas nas que se cambia a organización social do traballo, o que dá lugar a frecuentes conflitos sociais, globalmente conocidos como «ludistas», entre as clases defensoras do Antigo Réxime e as que propugnan formas de produción que poden catalogarse como de capitalistas. Neste contexto aséntase a investigación que fixo L. Alonso Alvarez sobor da «penetración capitalista catalá» na economía marítima galega a partir de mediados do S. XVIII e as consecuencias que ela tivo. De entrada, o título do libro engaña unha miga. Non é un estudo sobor da industrialización, senón dunha penetración capitalista, que chega a definir como xeneradora dunha dependencia colonial, que evidentemente non provoca unha industrialización, senón todo o contrario.

A presenza dos cataláns nas rías galegas é detectada tan axiña como se produce, polas innovacións que realizan tanto nas técnicas de pesca (sistema de arrastre, bous, xábegas), de salazón como de comercialización. O longo do s. XVIII, unha serie de pequenas compañías catalás fan incursións anuais a Galicia pra mercar peixe ós mariñeiros galegos e vender produtos vinícolas catalás. Trátase dunha penetración comercial. A sedentarización prodúcese máis tarde, na segunda década do XIX, cando unha mancha de compañías catalás invirten parte das súas ganancias en construír ou ampliar-las súas factorías e en dominar todo o ciclo produtivo da sardiña. E decí, pasan dunha fase comercial adicada á comercialización

## Escolma/TEIMA

do produto, a ser fabricantes salazoneiros, con emprego de man de obra asalariada e especializada. E o momento de maiores conflitos sociais, cando na ría de Muros se queiman factorías e se pon cru o choque coas clases dominantes galegas (caso do dezmo).

O resultado desta penetración acaba nun compromiso da burguesía catalá coas clases privilexiadas do A. Réxime. «E o pacto dunha burguesía incapaz de vence-los obstáculos que lle presenta un sistema social pechado nos seus privilexios, e que prefire acepta-las regras do xogo impostas pola nobreza e alto clero». Este entendemento continuará e en base a él os cataláns principiarán cen anos despois da súa chegada a Galicia unha nova etapa de industrialización do sector sen que «o novo modo de produción afecte á estrutura económica do reino de Galicia, que continuará sumido no subdesenrolo hastra os tempos actuais». E de esperar que o autor siga estudiando ese proceso de asentamento da burguesía conservadora catalá, porque é un dos temas máis manidos, pro menos conocidos da historia contemporánea galega. LUCAS OROSA.

**EULOXIO R. RUIBAL**

***O cabodano, cousas da morte, a sombra do bon cabaleiro.* teatro Galego. Edit. Pico Sacro. Santiago, 1977. 63 páxs.**

Destas tres obras de Euloxio R. Ruibal (a segunda delas moi cativa, cáseque un pequeno cadro escénico) «O Cabodano» foi premio «Abrente» de Ribadavia en 1975. Sen dúbida ningunha é a millor das tres, a de construción máis sólida e a de millores contidos.

Trátase da recreación nun drama familiar do drama colectivo deste país en 1936. A nai e a filla teñen agachado ó fillo republicano no faiado da casa e obrígano a vestir, cada cabodano, o uniforme do pai morto na guerra, héroe do bando dos vencedores. Cada ano, pois, o fillo sofre a humillación do vencido que rende homenaxe ó enemigo vestindo o seu traxe, secuestrado do mundo, enterrado en vida, esmagado pola figura do pai morto. A morte do pai esmaga a vida agachada do fillo, cáseque vexetal, pro que amostra un gran drama interno.

A estrutura teatral é sinxela, doada de levar á escena (pensando sobor de todo nas posibilidades dos nosos grupos), con ritmo e unha linguaxe correcta. Hai intres de grandes posibilidades dramáticas tamén e o texto é aberto dabondo como pra permitir unha creatividade sempre nova ó grupo que monte o espectáculo, nas mans dun director intelixente.

«Cousas da Morte» e «A sombra do bon cabaleiro» están xa, ó meu entender, nun segundo plano. A primeira, como xa dixemos, non vai moito máis aló dun pequeno cadro escénico, cáseque coa linguaxe da «fábula», xogando cos animáns na escea e a representación psicolóxica que estes animáns provocan no espectador. «A sombra do bon cabaleiro» está sobra-



euloxio r. ruibal

O cabodano

Cousas da morte

A sombra do bon cabaleiro

teatro galego

PICO SACRO

da de simbolismo máis ben barateiro, dacabalo entre o mito do «emigrante á percura de fortuna» e os bos sentimentos que teñen que loitar, costa arriba, contra dos fados atravesados. Con esta estrutura podería pensarse nun teatro popular, ledó, axeitado como «divertimento», pro tampouco é iso, anque nalgúns intres se note o oficio de Ruibal como escritor, capaz de darlle ritmo á escena.

O meu entender é «O cabodano» do millor que ten escrito o autor, por riba daquela outra «A sonada e proveitosa enchenta...» e mesmo por riba do «Zardigot», o seu primeiro texto coñecido. Todo dentro dunha estrutura de teatro moi sinxela que, iso sí, ás veces Ruibal tenta de encher de palabras, de escenas retóricas ou puramente «estéticas», entre o esperpento e o antroido, o que non fai máis que embarulla-lo resultado. En «O cabodano» a estrutura aparece máis espida, directa, abertamente asequebel na súa significación dramática. Trátase dunha peza con moitas posibilidades.



## O M.C.G. E A DESUNION DA ESQUERDA

Compañeiros do equipo de redacción de TEIMA: Unhas poucas verbas a prol do número 23 da vosa revista. Lamento que no artigo de Baldaio déranse ó público informacións erradas a conto da postura do meu partido, o Movemento Comunista de Galicia, na manifestación de Carballo.

Acudimos nós a unha convocatoria unitaria pra loitar contra dun problema concreto e previas conversas con veciños do lugar —membros do noso partido, doutras correntes políticas e independentes— cara a artellar unha acción común. O chegar alí atopámonos cuns berros electoralistas e de afirmación partidaria, distintos dos plantexados nun principio, que cambaaban o primitivo contido da convocatoria. A nosa postura foi, pois, abandonar unha manifestación que coidábamos non cumpría os obxetivos previstos, pro xamais montar outra distinta.

Coido ademais que esta postura política non se pode calificar de «incidente» e moito menos poñela en contradición co perfecto orde posterior da manifestación. Sómo-los primeiros en lamentar semellantes espectáculos de desunión na esquerda galeguista, pro tamén somos conscentes de que nin se dan pola nosa praxis, nin pola nosa política. O seu orixe resúltanos alleo. De non selo, tempo hai que estaría arranxada custión.

Compriría tamén falar do editorial do mesmo número 23. Inda que como é público e notorio, o meu partido non podería suscribir esa opinión, respetámola como unha opinión máis da esquerda galeguista.

Nós loitamos por un socialismo que siñifique un adiante real nas liberdades do noso pobo, un socialismo que estea a anos luz das liberdades da máis adiantada das democracias burguesas. Cativa liberdade sería esa se non escomezáramos, xa dende hoxe, a admitir con agrado calquera opinión que poida enriquecer un debate no que está interesado todo o pobo galego.

As opinións de TEIMA son responsabilidade de TEIMA. Non nos toca xuzgalas a nós. O noso papel é afondar e estender un debate ceibe entre tódolos sectores do pobo galego.

Sóio, e pra rematar, unhas poucas opinións: a discusión encol do guruto e defensa da nosa lingua non se debe basear na discusión de consiñas, senón de medidas concretas. Nese terreo estaremos, seguramente dacordo. Sexa como sexa, daquí a pouco chegará á mesa de redacción de TEIMA un artigo coa nosa opinión do tema. Estamos seguros de antemán de que atopará acollida nas páxinas da vosa revista. Unha aperta.

Miguel Valle Inclán  
Santiago

## TEIMA, VOCEIRO CANLE DAS SUCURSALES

Sr. Director: TEIMA (no número 19, Xove) amosóusenos, pro non

tan de súpeto, precisamente coma exemplo do que, xusto, con claridade está sucedendo. Foi o fin da escada da liña inconsecuente con Galicia (consecuente con partidos coñecidos) o oportunismo, o arrivismo por querer demostrar o que non se pode, á conta, xa se dixo dende sempre, da consecuencia e do compromiso alleo, e todo elo de costas ó pobo, de arrodearse da capela galeguista-popular de cara á xente i-a loita (dialética) desenfreada, cega, sectaria, absoluta e aberrantemente con todo o perxucio marxinal, dun fato de político-críticos pseudogaleguistas dos que pra nada ten asumido nin asumen a defensa dun pobo e que se atoparon en feitos de mór ou menor importancia, pro sempre sairon amolados, exentos de protagonismo, e por mór delo, botaron mau (axiña)

## Encol do homenaxe a Castelao

Sr. Director: Co certo aquel de maniqueísmo veño ollando que (tanto quen dirixen ou artellan TEIMA, como os mesmos lectores), incurren nun erro fundamental ó falar do homaxe a Castelao. Do máis axeitado homaxe a Castelao.

Castelao finou clínicamente o día 4 de xaneiro (ó igual co seu único fillo, que tamén nacera, como él, nun 30 de xaneiro). Pro o seu pasamento definitivo produxose, como é notorio, o día 7 de xaneiro de 1950, estando á súa veira Rodolfo Prada (o amigo entranábel e aitual albacea) e dona Virxinia Pereira, a fidel compañeira do exilio.

Foi o día 7 de xaneiro (con consentimento de dona Virxinia, lóxicamente) cando o esgrevio médico galego (mestre de mestres, na súa especialidade de antomía), don Gumersindo Sánchez Guisande (cuo pasamento aconteceu non hai un ano na Arxentina), praiticóulle unha delicada operación e embalsamóuno.

Mal podemos, pois, falar de repatriación das cinzas. Non hai tales cinzas. O que hai é un corpo embalsamado, que se atopa no composanto bonaerense da Chacarita, de belidas formas románicas, propiedade do Centro Galego. E a carón del, descansa outro patriota galego, Suárez Picallo.

Persoalmente, coido que se debe tragar o corpo. Pro cando as condicións sexan máis axeitadas. E poñéndose dacordo tódalas orgaizaciós populares. Sin exclusivismos. Cecáis facéndolle o millor homaxe ó guieiro: caladamente.

Unha forte aperta.

Fernando Pereira Caamaño  
Vigo

## ¿Un premio «Castelao»?

Sr. Director: A máis do que eu escollín coma millor xeito de homenaxear a Castelao, coído que poderíase facer outra cousa tamén perdurábel, coma é o establecemento dun PREMIO CASTELAO co fin de premia-la labourea que se faga encol da Cultura Nacional Galega.

O meu entender, dito PREMIO CASTELAO collería no seu ambiente non somentes ás letras, senón ás ciencias. Coido tamén que deste xeito daríase un grande puxe á Cultura Galega (tanto ciencias coma letras).

Eu ben sei que iste é un pensamento persoal anque cecáis podería ter boa acollida por máis xente.

Ben, pois non teño outra cousa que suxerirvos, sóio que se tí tés a ben publicar ista carta (anaco de carta) pois publícaa.

Tamén quero facer patente o meu recoñecemento pola idea do voso xesto tan grande coma os anxeios de liberdade da nosa Patria.

¡Viva Galiza Ceibe!

Gustavo Adolfo Garrido García  
Colegio Mayor Hispano-Mexicano  
Juan XXIII s/n  
Madrid (C.U.)

do que puderon e non deberon. TEIMA ven sendo, non só o número 19 e no 23, anque istes de xeito especial, poida que sen decatarse certos teimudos, a testemuña das ponlas e seutores desvencellados, flotantes que andan pola Terra soltos. A hora de repartir todos queren meter cullarada aínda os que non pintan ren na Nación, na que alleos (máis perto de Madrid ca do noso agro) queren faguer política experimental no que pra íles é unha seara; i esto xa o dixo Risco no 30, eh!; non é frase d-ises ós que vós, con tanta teima e pouca boa intención, lles colgades o de dogmáticos e sectarios. A actitude tamén ven xa de vello. N-eso tendes razón. Isto, a labareda, o lume é máis queimante.

Ulo Nacionalismo? Nación galega?... Sí, nacionalidade sí, ou Auto-determinación? Sí, sí, se é federal, ou, galego oficial?. Sí, pro a cooficialidade... ou, Colonialismo?. Sí, máis non tanto, ou, Nacionalismo-Españolismo?. Sí, pro non fundamental... Sen ambigüismos nin ambages, por favor, porque logo na praxis pasa o que pasa: a inconsecuencia e ca mesma —pra xustificala— a terxiversación dos feitos.

Namentras os insultos dos que se laian —non por Galicia, senón por íles mesmos, pola sorte ca que lles toca choutar— deixan ver ou albiscar ó fondo da careta azul a cór na que se mergullan: a gualda. Pro namentras non todo fica igual, non. Xove, Encrobas, Baldaio, a construción luguesa non fican igual, Galicia non fica coma denantes.

Arrepía ver cómo se tenta de ridiculizar e mesmo alcumar de mentirán a un nacionalista, tratándose dun home que vive no e co pobo, e vánselle á lingoaxe. Eso sería normal faguerlo ós lingüistas de TEIMA (A dereita-dereita se organiza, Hermandade, Guardia, fascismo).

Se máis, ó traveso de TEIMA enviamos un consello ós «GAS» comprometidos con Madrid: que cambeen, que se enraícen e nacionalicen (desyankee-spañolicen) ou que se larguen e nos deixen ós que en verdade sentimos Galicia. O pior é ser apátridas.

P.D.: Se TEIMA é independente i está máis perto do Nacionalismo ca do Sucursalismo (cousa que non se ten visto) publicaríanos a carta. E perdone se é moi estensa.

Un fato de ourensáns en Compostela.

Farruco R.V.; Xaquín López; Manoel Fernández; Manolo Rodríguez. (Hai unha quinta firma ilexíbel).

# Se quiere seguir tendo

# unha **TEIMA** independente,

# ¡¡suscríbese!!

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	
TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º		
XEITO DE PAGO:	<input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º	DATA
	IMPOSTO EN	
<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO		



## BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos .....

Sr. Director de .....


Axencia .....

### SEÑORES:

*Agradecerlalles que con c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.*

*Atentamente,*

NOME		
DOMICILIO		
POBOACION		
PROVINCIA	PAIS	
TARIFAS DE SUSCRICION A TEIMA (Semanal)		
	ANUAL	SEMESTRAL
PENINSULA IBERICA	1.872 Ptas.	936 Ptas.
EUROPA:		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	3.120 Ptas.	1.560 Ptas.
RESTO DO MUNDO		
CORREO ORDINARIO	2.080 Ptas.	1.040 Ptas.
CORREO AEREO	4.500 Ptas.	2.250 Ptas.
<input type="checkbox"/> TALON ADXUNTO N.º		
XEITO DE PAGO:	<input type="checkbox"/> XIRO POSTAL N.º	DATA
	IMPOSTO EN	
<input type="checkbox"/> CONTRA REEMBOLSO		



## BOLETIN DE DOMICILIACION BANCARIA

Nome e apelidos .....

Sr. Director de .....

Axencia .....

### SEÑORES:

*Agradecerlalles que con c rrego   mi a conta-libreta n.º..... atendan o recibo que anualmente- semestralmente present ralles Sociedade Galega de Publicaci ns, S. A. pr  pago da mi a suscrici n   revista TEIMA.*

*Atentamente,*

# Millóns de nenos condenados a morte. Indúlteos.

Neste intre, a única saída  
pra 900 millóns de nenos é morrer.  
900 millóns de nenos están condenados  
pola fame, as doenzas  
e a falla total de cultura.



Na súa man está o indulto.  
Unicef sóio conta con diñeiro dos seus socios.  
Fágase socio de Unicef.  
Nunca terá empregado millor  
un pouco de diñeiro.

**unicef**

Fondo das Nacións Unidas prá Infancia

Apartado 12021  
MADRID

Rogo me remitan maior información sobor de Unicef.

Nome .....

Dirección .....

Cidade ..... Distrito .....

Teléfono .....

